



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2018-2019

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2018-2019

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2018 e o 31 de xullo de 2019.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Consultas.....	9
	2.3.- Queixas.....	9
3.-	Conclusións.....	64
4.-	Referencias estatísticas.....	67

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2018-2019

2.- ACTUACIONES

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES

M-2019/01

Foi presentado un escrito por unha alumna solicitando a mediación do Valedor en relación cunha readmisión nun Máster alegando enfermidade dun familiar e falta de información sobre os requisitos e trámites necesarios para formalizar a matrícula.

Das xestións realizadas conséntase que a alumna efectuou o depósito do título, aínda que tivera superadas todas as materias da titulación, nun período posterior á comunicación da resolución de anulación de matrícula, contra a que presentou recurso que foi desestimado.

M-2019/02

Alumna que solicita a mediación do Valedor en relación cun proceso de ampliación de matrícula nunha materia, que sería a única que lle restaría para rematar os estudos. Presentou recurso contra a desestimación inicial que se resolveu favorablemente.

2.2.- CONSULTAS

En total foron formuladas 56 consultas, destas 47 efectuadas por estudantes, 7 por P.D.I., 1 por membros do P.A.S. e outra por persoal alleo á USC. O obxectivo das consultas foi solicitar información sobre procedementos ou posibilidades de actuacións, aínda que a temática concreta das consultas é moi diversa o que fai practicamente imposible agregalas en categorías.

2.3.- QUEIXAS

Q 1809/01

Escrito presentado por unha alumna de Grao motivado polo extravío dunha parte dun exame dunha materia.

Solicitado informe ao Sr. decano do centro indica que reunida a Comisión de Reclamacións acordou o seguinte:

1. A Comisión, lamenta a inexistencia dese exame.
2. A Comisión considera que unicamente se deben valorar feitos obxectivos e non interpretacións, e que evidentemente hai unha parte do exame que non puido ser corrixido porque non está dispoñible.
3. Esta Comisión, como é lóxico non pode afirmar en que momento se produciu a desaparición do mencionado exame.
4. Esta Comisión, non pode valorar si esta parte desaparecida é a que mellor fixo a alumna, como ela afirma na súa reclamación. Considera por tanto que non procede asignarlle de forma arbitraria unha cualificación.
5. A Comisión considera que non se debe poñer unha cualificación a un exame que non se pode corrixir, polo que a postura dos profesores foi a correcta.
6. Esta Comisión considera que ante a falta total ou parcial dun exame, debese repetir o mesmo. Considera así mesmo que esta repetición debe realizarse de forma que ocasione os mínimos prexuízos a o alumno.
7. A Comisión considera que o día 3 de setembro, era a data máis favorable para realizar o exame e poder defender o TFG o día 6 de setembro. Todas estas consideracións foron adoptadas por unanimidade. Esta Comisión, decide por tanto desestimar a reclamación da alumna.”

Q 1809/02

Foi presentada unha queixa por unha alumna en relación co proceso de avaliación e de revisión de cualificación dunha materia.

Solicitado un informe ao Sr. decano da Facultade, no mesmo indícase que se reuniu a Comisión de Reclamacións acordando:

“1. A Comisión considera que a data do exame é coñecida con antelación e que se debe respectar, salvo por causas xustificadas que deben ser alegadas e valoradas polos profesores.

2. Se a alumna ou os seus médicos consideraban que non estaba en situación de realizar o exame coas mínimas garantías, debería telo comunicado con antelación.
 3. Esta Comisión considera que os problemas clínicos, no poden ser causa de modificación das notas dun exame.
 4. Esta Comisión considera que todos os alumnos teñen dereito a revisar a totalidade do seu exame, e que este dereito non pode ser limitado en modo ningún. Na información dispoñible, afirman os profesores que non se limitou o dereito á revisión. Nos informes que obran no noso poder asegúrase que esta revisión sí se produciu.
 5. Esta Comisión considera, que non existiu limitación dos seus dereitos, nin no exame nin na corrección do mesmo.
 6. Todas estas consideracións foron adoptadas por unanimidade.
- Esta Comisión decide, por tanto, desestimar a reclamación da alumna.”

Q 1809/03

Foi presentado un escrito referido ao proceso selectivo para a dotación dunha praza de axudante doutor.

Solicitouse un informe ao Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, no que se xustificou o seguinte:

“1. Dende o Servizo de Planificación de PDI, solicitouse á Decana da Facultade, informe sobre as actuacións seguidas pola dita Comisión no desenvolvemento do proceso selectivo da praza de axudante doutor concluíndo:

.../

3. En resposta á cuestión formulada sobre se as actuacións levadas a cabo pola Comisión de Selección no desenvolvemento do proceso selectivo concordan co establecido na Normativa de Selección de Persoal Docente e Investigador contratado (aprobada polo Consello de Goberno o 17 de febreiro de 2005 e modificada polo Consello de Goberno do 10 de maio de 2007, polo Consello de Goberno do 22 de xullo do 2009 e polo C.G. do 2 de maio de 2013) cómpre sinalar que a dita Normativa non contempla que deba transcorrer un prazo mínimo entre a constitución da Comisión de Selección e a celebración das probas que integran o concurso nin tampouco establece que deba efectuarse ningunha comunicación ou publicación dos actos levados a cabo pola Comisión de Selección durante o desenvolvemento do concurso máis alá da realizada a través da publicación dos ditos actos no taboleiro de anuncios no Centro no que actúa a Comisión; publicación que segundo consta nas actas achegadas a este Servizo tivo lugar por este medio.

4. Dito o anterior e dado que a Normativa de Selección non impón, como se expuxo, que as Comisións de Selección dos concursos deban respectar un prazo mínimo entre o acto de constitución e o da convocatoria dos aspirantes para a celebración das probas selectivas nin prevé a comunicación individual ás persoas candidatas das datas dos exercicios, entendemos que a Comisión de Selección do citado concurso, que goza de autonomía funcional ao abeiro do artigo 15 da Normativa de Selección, non incorreu na súa actuación en infracción do preceptuado na Normativa e que tendo publicado no taboleiro de anuncios do centro os ditos actos cumpriu o esixido nesta.

Polo demais dende o Servizo de Planificación de PDI estanse a levar a cabo actuacións coas que se trata de afondar na garantía de difusión e transparencia dos procesos selectivos; de feito, nas Convocatorias de concursos de prazas de PDI do curso 2018-2019 adoptouse a decisión,

en colaboración cos Centros, de publicar no taboleiro electrónico da USC as propostas de provisión e actas finais dos concursos de Selección, aínda cando a Normativa de Selección tan só impón a obriga de publicar nos taboleiros de anuncios dos centros, cuestión na que se seguirá traballando co fin de garantir a difusión e xeral coñecemento de toda información que afecte aos dereitos dos interesados nos procedementos selectivos.”

Así pois, á vista do exposto no anterior informe, considérase que non se ten conculcado ningún dos dereitos do presentador da queixa.

Q 1809/04 - Recomendación

Foron presentados oito escritos por alumnos/as dun *Máster* nos que manifestan, na súa apreciación, certas irregularidades e disfuncionalidades no desenvolvemento da docencia e xestión de dito máster.

Dado o número de queixas presentadas e a natureza e complexidade do relatado nas mesmas e seguindo o principio de transparencia e boas prácticas na actuación desta Universidade, enténdese que é necesario e imprescindible a súa clarificación co fin de precisar o acontecido e dirimir as posibles responsabilidades, de selo caso.

Por iso recomendo que se inicie a correspondente información reservada para o seu esclarecemento e a adopción das medidas que correspondan.

Respecto á anterior recomendación, comunican dende a Secretaría Xeral Adxunta da USC a aceptación da mesma e en consecuencia “*a apertura de expediente informativo-información reservada sobre as queixas presentadas no Máster*”.

Q 1809/05

Foi presentado nesta Institución un escrito por unha alumna dun *Máster* manifestando a súa desconformidade co proceso de titorización e presentación do Traballo de Fin de *Máster* (TFM).

No informe recibido da Coordinación do *Máster* recóllese:

“1. Que los alumnos están informados, desde el primer día de curso, de los periodos académicos y de los plazos recogidos en el calendario oficial de la USC para el curso correspondiente 2017-2018.

2. Que en fecha 14 de Febrero de 2018 se les envía a los alumnos correo electrónico con las primeras indicaciones sobre los Trabajos de Fin de *Máster* (TFM). Se adjunta tanto el documento relativo a las diferentes temáticas sobre las que pueden tratar vuestros TFM como un documento que recoge las pautas que deben seguir en la elaboración del mismo. El plazo para el envío del documento es el día 21 de febrero.

.../

6. El 27 de junio, la alumna solicita una prórroga para la entrega del TFM. Propone entregarlo en agosto, en vez del 31 de julio, fecha prevista en el calendario académico aprobado por el Consello de Goberno de la USC. El motivo de la prórroga, tal y como indica, se debe a que está intentando conseguir más entrevistas a fin de presentar un buen proyecto, pues de momento solo tiene una.

7. El día 28 de junio se le contesta que no se contempla la posibilidad de prorrogar la entrega del TFM porque así está establecido en el calendario oficial.

8. Y, nuevamente, el 26 de julio, la alumna se dirige al Máster para preguntar si es posible entregar el trabajo en la primera semana de septiembre. Desde el Máster se le reitera la comunicación en el mismo sentido que la vez anterior, advirtiéndole del perjuicio que esto, además, conllevaría para el resto de compañeros del Máster.

9. A partir de ese momento, la alumna realiza una nueva consulta dónde pregunta por plazos de matrícula para una nueva convocatoria de TFM, a la que desde el Máster se responde de acuerdo con la normativa de la USC.”

Q 1809/06

Foi presentado un escrito asinado por unha persoa e referido ao acceso á Universidade dun estudante. Infórmasele á presentadora que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa xa que o art. 10 do Estatuto do Valedor, polo que se rexe a nosa actuación, indica o seguinte:.

Artigo 10.- Procedemento

1.-A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

Así pois ao considerar que non é a persoa afectada, non é posible a admisión a trámite do escrito.

Q 1809/07

Foi presentado un escrito por un alumno dun Máster referido ao proceso de avaliación e de revisión da cualificación nunha materia.

Dende a Secretaría Xeral da USC informan que mediante resolución reitoral de data 14/12/2018 acordouse desestimar o recurso de reposición que tiña interposto contra a cualificación de dita materia.

Por iso, á vista do indicado, comunícolle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 1810/01 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha estudante do Campus de Lugo en representación dun grupo de alumnos do CLM no que trasladan a problemática xurdida nese Campus ao non existir oferta para cursar o curso do nivel C1.2 de Inglés que lles permita completar o nivel C1, do que xa teñen superado o nivel C1.1. No escrito indican o seguinte:

O motivo do presente correo é trasladarlle o problema que temos ca continuación dos estudos no CLM de Lugo, así como solicitarlle unha solución para o mesmo. O problema está relacionado ca reducida oferta de cursos do CLM de Lugo, o cal consideramos como un agravio comparativo ó Campus de Lugo en relación co de Santiago.../

Admitida a queixa a trámite solicitouse un informe ao respecto á Sra. directora do CLM, no que expón:

“- lamentamos moito a situación

- por falta de persoal non foi posible impartir o curso C1 de inglés (curso que conclúe a formación das persoas que teñen o nivel C1.1 segundo o MECR)
- para o CLM é prioritario ofertar o nivel B1 dirixido ao alumnado que necesita acreditar ese nivel para acadar o título de Grao ou estudar un Máster
- a nosa intención é de ofertar o nivel C1 tan pronto como sexa posible.”

Por outra banda, consultada a oferta na páxina web do CLM obsérvase que se poden realizar os seguintes cursos de inglés distintos do B1:

- INGLÉS nivel 6, B2.1 (1º semestre). (Lugo)
- INGLÉS nivel 6, B2.1. (Santiago)
- INGLÉS nivel 7, B2. (Santiago)
- INGLÉS nivel 7, B2. (Lugo)
- INGLÉS nivel 3, A2. (Santiago)
- INGLÉS nivel 8, C1.1. (Santiago)
- INGLÉS nivel 9, C1. (Santiago)
- INGLÉS nivel 10, C2.1. (Santiago)

O que pon de manifesto que existe unha grande disparidade entre a oferta para Lugo e Santiago, con independencia dos potenciais usuarios en ambos os dous campus.

Cómpre engadir, que non parece demasiado axeitada unha programación na que se imparta un curso de nivel C1.1, e que non sexa ofertado pola USC o curso do nivel C1 que permita aos alumnos completar a formación destes estudos para acreditar ese nivel. Situación que se ve agravada polo feito de que o alumnado que cursou os estudos hai máis de dous anos debe superar unha proba de nivel para poder formalizar unha nova matrícula ao considerar dende o CLM que despois de 3 anos o nivel de competencia nun idioma dunha persoa pode baixar, manterse ou subir, dependendo se esa persoa emprega o idioma ou non.

En resume, implica que o alumnado do Campus de Lugo non pode rematar os seus estudos para acadar o nivel C1 porque a USC non oferta esa posibilidade e verase obrigado a acreditar o seu nivel mediante unha proba para poder matricularse novamente se a oferta dos estudos non é nos dous anos seguintes, producíndose así un dobre prexuízo, por causas alleas aos propios alumnos.

Así pois, considerando que na USC “*todos os estudantes terán igualdade de dereitos e deberes sen máis distincións cás derivadas das ensinanzas que estean a cursar*” (Art. 3.1-Estatuto do Estudantado) recomendo que se adopten as medidas axeitadas que permitan aos alumnos do Campus de Lugo rematar os seus estudos do nivel C1 ao igual que os seus homólogos que os cursan en Santiago.

En resposta á recomendación a Sra. vicerreitora de Organización Académica indicou:

“En relación coa queixa de referencia, e as accións levadas a cabo en relación coa súa recomendación, comunícolle que o Centro de Linguas Modernas convocou, para o Campus de Lugo, no 2º semestre do presente curso académico, un curso do nivel C.1.2, tal como solicitaban os estudantes. Finalmente o curso non se está a impartir por non haber alumnos matriculados.”

Q 1810/02

Foi presentado un escrito por un alumno no que manifesta que dende o Servizo non se ten respostado a unha solicitude de devolución do importe de matrícula que tiña efectuado erroneamente.

En relación co mesmo, o informe remitido polo Sr. xefe do Servizo indicaba:

.../Ante os feitos referidos, compre destacar que o Servizo deu resposta á solicitude do usuario atendendo ao exposto nela. A indicación do usuario de que fixo un pago como non estudante é de todo incorrecto polo que a devolución non procedeu xa que a tarifa aboada é a que corresponde á comunidade universitaria.

No segundo escrito o usuario argumenta causas diferentes para motivar a solicitude orixinal de devolución.

Os erros ou cambios de parecer non son causas sobrevidas e xustificadas que dean dereito á devolución segundo a “Política de anulación e devolución de importes aboados” aprobada polo Consello Social para este curso 2018-19. Aínda así contéplase na mesma normativa, a posibilidade de devolución sen xustificación algunha, “por anulación de ...pases temporais sen utilizar” nos sete días hábiles seguintes desde o pago correspondente”.

Neste caso a petición foi feita dentro do prazo dos sete días e o pase foi utilizado para a instalación da piscina, non para a do complexo deportivo.

Considerando que o produto mercado e para as dúas instalacións, piscina e estadio, non é posible a anulación dunha parte.

Ao ter en conta que non fixo uso do estadio e que está interesado en continuar a facer uso da piscina, procedemos xa a facerlle o cambio do pase “piscina + complexo deportivo do estadio” (140,5€) polo de “piscina”(73,3€) e a devolverlle o importe da diferenza de prezos (67,2€), tal e como solicita o usuario.”

Polo que, á vista do exposto no anterior informe procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 1810/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno no que pon de manifesto a súa desconformidade coa denegación do recoñecemento da súa experiencia profesional pola materia *Prácticas Externas* dun Grao.

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, solicitouse á Unidade de Xestión Académica do Campus Terra copia do “*Informe emitido pola Comisión de Docencia e Calidade*”, que foi enviado e no que se indica:

“Informar desfavorablemente o recoñecemento da experiencia profesional acreditada pola materia obrigatoria de 18 créditos *Prácticas Externas*. A Comisión considera que as competencias acreditadas a través de dita experiencia non se corresponden coas da materia solicitada.”

Por outra banda, a programación académica da referida materia recolle o seguinte:

Competencias

Competencias específicas das prácticas externas:

- 1.- Desenvolver os comportamentos do rol profesional
- 2.- Desenvolver e pór en práctica competencias de carácter transversal propias do exercicio profesional
- 3.- Desenvolver e pór en práctica competencias específicas de xestión de pequenas e medianas empresas, aplicando para isto os coñecementos adquiridos

O alumno presentou xunto coa súa solicitude de recoñecemento un escrito que recolle de xeito detallado a súa experiencia profesional e as actividades que realizaba nas empresas durante a súa traxectoria profesional ao longo de 17 anos.

Dado que a Comisión observou que “as competencias acreditadas a través de dita experiencia non se corresponden coas da materia solicitada” e apreciada unha clara falta de concreción nas competencias que recolle a guía docente da materia *Prácticas Externas* enviouse ao Centro un escrito para que informara de xeito detallado sobre a non correspondencia, de ser o caso, entre as competencias que se pretenden acadar ao cursar a materia e a experiencia laboral que ten desenvolvido o alumno.

Asemade, informábase que ao ter o estudante un grao de discapacidade recoñecido do 37%, no caso de non recoñecemento da experiencia profesional, ese Centro tería que adoptar as medidas pertinentes para a adaptación das actividades docentes conforme ás circunstancias especiais nas que se atopa o alumno como consecuencia da súa discapacidade.

Con posterioridade, a Facultade indica o seguinte:

“COMUNÍCOLLE que a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade, despois de revisar a documentación aportada polo estudante na súa solicitude inicial de recoñecemento e as observacións formuladas polo Valedor da Comunidade Universitaria, acorda INFORMAR FAVORABLEMENTE o recoñecemento das competencias acreditadas polo interesado na súa experiencia profesional pola materia Prácticas Externas.

Este novo informe deixa sen efectos o da Comisión de Docencia e Calidade por conter erros na valoración da adecuación da experiencia profesional do interesado ás competencias da materia de referencia.”

Por iso, á vista do anterior diríxese *recomendación* á Secretaría Xeral co fin de que se adopten as medidas oportunas para que se realice unha corrección de oficio que faga efectivo o recoñecemento da experiencia profesional no expediente do alumno segundo o informe anterior, deixando sen efecto o que tiña emitido o Centro con anterioridade, o que foi levado a cabo.

Q 1810/04

Escrito presentado por un alumno referido ao tratamento de datos persoais en listaxes publicadas na web dun centro.

Deuse traslado da queixa ao Sr. delegado de Protección de Datos e ao Sr. secretario Xeral Adxunto da USC, quen nos indica ter dirixido ao centro unha serie de recomendacións ao respecto:

- a) Eliminar todas as listaxes con datos persoais do curso anterior e cursos anteriores.
- b) Para o futuro, publicar estas listaxes no taboleiro electrónico da USC de forma temporal. Unha vez rematado o prazo queda arquivada pero se perde o acceso.
- c) Aínda que non está aprobada formalmente, a nova *Lei Orgánica de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* establecerá o sistema de publicación de actos administrativos, cuxa práctica xa se pode ir considerando “Cuando sea necesaria la publicación de un acto administrativo que contuviese datos personales del afectado, se identificará al mismo mediante su nombre y apellidos, añadiendo cuatro cifras numéricas aleatorias del documento nacional de identidad, número de identidad de extranjero, pasaporte o documento equivalente. Cuando la publicación se refiera a una pluralidad de afectados estas cifras aleatorias deberán alternarse”.
- d) Todos os formularios (en papel ou dixitais) con recollida de datos deben conter unha cláusula de protección de datos.

E solicitada información ao Centro sobre a aplicación destas suxestións nos comunican que:

“.../procedemos á revisión da nosa páxina web e procedemos a eliminar as listaxes de cursos pasados que conteñen datos de carácter persoal e que afectaban fundamentalmente aos apartados de prácticas en empresa, traballo fin de grao e traballo fin de máster de todas as titulacións impartidas no centro. En canto ás novas listaxes xa só figuran os nomes dos estudantes e non aparecen os seus DNI e se prevé a súa eliminación en canto deixen de ter efectos nos procedementos. Os novos formularios de solicitude de prácticas en empresa foron modificados engadindo a cláusula de protección de datos que nos remitiron dende a Secretaría Xeral.”

Q 1810/05

Foi presentado un escrito por unha estudante predoutoral que manifesta a súa preocupación porque indica ter feito un requirimento de información e se lle indicou que a USC non está a expedir o Suplemento Europeo ao Título (SET) para os títulos de doutor.

No informe solicitado, a Sra. Secretaria Xeral da USC xustifica o seguinte:

1.- A expedición do suplemento ao título de doutor (SET de doutor) foi aprobada polo Real Decreto 195/2016, de 13 de mayo, por el que se establecen los requisitos para la expedición del Suplemento Europeo al Título Universitario de Doctor, que entrou en vigor con data do 4 de xuño de 2016. Pero esta norma require dunha concreción específica e así na súa Disposición final sétima, indica:

“Aplicación. Se autoriza a la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades para dictar las instrucciones necesarias para la aplicación del presente real decreto, tales como una guía para facilitar la implantación del suplemento europeo al título de Doctor o Doctora.”

Ata a data e por diversos motivos, a “guía de implantación” non se aprobou pola Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades.

2.- A USC está colaborando co Ministerio para a elaboración desa “guía”, pero ata a data non está finalizada.

3.- Por outra banda, e por motivos técnicos, a USC non está neste momento en condicións de expedir ningún SET.

Q 1810/06

Foi presentado un escrito por unha alumna motivado pola demora na expedición do Suplemento Europeo ao Título (S.E.T.) nun Máster tres anos despois de obter o título.

No informe solicitado, a Sra. Secretaria Xeral da USC xustificaba o seguinte:

“1.- As guías de expedición dos Suplementos Europeos ao Título (SET) de Grao e Máster foron aprobadas polo Ministerio o 14 de setembro de 2015.

Para a súa implantación na USC era necesario dispoñer dun novo módulo informático que debería ser realizado polo Consorcio de Desenvolvementos Informáticos (CIXUG).

Perante o retraso na súa expedición e o número de SET acumulados a USC tivo que formalizar unha encomenda de xestión en favor de UNIXEST para a expedición dos referidos Suplementos, que rematou en decembro de 2017 con aproximadamente cerca de 12.000 SET expedidos.

2.- Indicar que por circunstancias económicas e organizativas non todos os SET pendentes puideron ser expedidos. A gran maioría dos expedidos foron os títulos de grao e só foron expedidos os dalgúns máster.

3.- Na actualidade traballase no novo desenvolvemento informático propio da USC para a expedición dos SET, xa que volven a estar pendentes arredor de 10.000 SET.

4.- Este tema foi tratado na reunión do Grupo de Xestión Académica do 24 de novembro de 2018 establecendo as distintas fases e traballos de todas as unidades implicadas. Na próxima reunión prevista

para o día 10 de decembro de 2018 esperase ter unha previsión de datas para a expedición dos SET atrasados. A coordinación e seguimento deste tema reside na Vicexerencia de Xestión Académica.

5.- Nesta programación, A USC vai priorizar a expedición dos SET de Grao e, respecto aos de Máster, farao daqueles dos que teña peticións.”

Q 1810/07

Queixa presentada por unha alumna e referida ao procedemento de anulación de oficio da matrícula despois de que fora admitida para continuar estudos na USC.

O informe realizado pola Sección de Admisión e Xestión xustificaba a motivación da citada anulación:

* Con data 13 de xullo de 2018 a alumna solicita, a través da secretaría virtual no prazo establecido, admisión para continuación de estudos en titulacións con límite e cota de praza no Grao. Para completar a solicitude achega a documentación requirida: Certificación académica completa dos estudos universitarios cursados, título de acceso á Universidade (tarxeta PAAU/ABAU), fotocopia do documento de identidade e copia da solicitude de admisión.

* A alumna cursa os estudos do mesmo Grao nunha universidade privada e no certificado que achega, figuran superados 114 créditos dos que 54 son de formación básica cunha media de 6,705.

* A Convocatoria de Matrícula para o curso académico 2018/2019 e o apartado 30.1.3 das Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela establecen que os alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, para continuar estudos nas titulacións con límite de prazas, deberán ter unha cualificación nas probas de acceso á Universidade igual ou superior a do último alumno admitido nesa titulación no curso anterior.

As cualificacións nas probas de acceso PAU á Universidade da alumna é de 11,006 sendo a nota do último alumno admitido para o Grao por este cupo de 11,276 polo que se tería que ter desestimado a solicitude como se fixo cos alumnos de universidades privadas que non cumprían este requisito.

* Por erro considérase o seu expediente como dunha universidade pública, e con data 30 de agosto envíaselle unha mensaxe comunicándolle que unha vez ordenados os expedientes por nota media, figura na listaxe de agarda, e que no caso de producirse vacantes unha vez rematado o prazo de matrícula, as prazas vacantes asignaranse por orde de listaxe de agarda e por chamamento individual.

* Con data 14 de setembro, despois de contabilizar as prazas vacantes, envíaselle un correo de admisión: “De acordo cos datos declarados, comunícolle que a súa solicitude de admisión para continuar estudos foi ACEPTADA, condicionada a que se revise a veracidade destes datos. A matrícula realizarase por internet dende o 14 ao 15 de setembro de 2018, no enlace (<https://matricula.usc.es/Matricula/SetType.asp?IType=7>).

A matrícula realizada neste prazo será do primeiro curso completo e terá carácter provisional, a espera da resolución de recoñecemento de materias. Unha vez recibida a resolución citada realizarase na Unidade de Xestión Académica correspondente a matrícula definitiva que incluírá as materias que efectivamente ten que cursar o alumno/a.

* A alumna figura matriculada con data 15 de setembro de 2018 e abona 483,01 euros do primeiro pagamento.

* Con data 5 de outubro notifícase á alumna o inicio de revisión de oficio da súa matrícula para que alegue o que estime oportuno antes da proposta de resolución de anulación de matrícula para o que se lle concede un prazo de 10 días dende o día seguinte ao da recepción da notificación. A notificación figura no xustificante de lectura como lida con data de 5 de outubro.

* Con data 22 de outubro de 2018 recíbese por correo electrónico as alegacións da alumna.

* Con data de 31 de outubro procedemos a anular de oficio a matrícula e notificarlo a alumna.

Por outra banda temos constatado que, con posterioridade, efectuouse a devolución dos prezos públicos de matrícula á alumna.

Lamentando o erro acontecido, infórmase que se entende que a actuación da administración universitaria lle ten ocasionado danos ou considera que procede o recoñecemento dalgunha indemnización, debe solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial mediante escrito dirixido ao Sr. Reitor da USC acompañado da documentación xustificativa.

Q 1810/08

Foi presentado un escrito por un estudante de 4º curso dun Grao en relación co solapamento de horarios de dúas materias optativas.

Solicitado informe á Sra. decana do Centro xustifica o seguinte:

Que no Grao cada alumno/a ten que cursar un total de 27 créditos optativos. Dende o centro ofértanse 118,5 créditos de materias optativas. Parte delas son optativas xerais e outras constitúen 3 mencións diferentes.

Hai 3 mencións formadas cada unha delas por 18 créditos de materias optativas que se teñen que cursar de xeito obrigatorio para obter as mencións

Ningunha das materias de cada unha das mencións coinciden en horario asegurando por tanto que calquera alumno/a poida cursalas. Así mesmo a oferta de materias xerais é de 54,5 créditos.

Os horarios aprobáronse en Xunta de Facultade do 9/04/2018 tal como sinala a normativa de PAA e están públicos previamente á matrícula do alumnado para que peida revisar que os seus horarios sexan compatibles.

Q 1811/01

Escrito presentado por un director de departamento no que manifestaba a desconformidade en relación coa adscrición funcional dunhas materias, e informaban que lles parecía unha situación anómala na docencia ao quedar excluídas outras áreas de coñecemento.

Dado que tiñan dirixido un escrito ao respecto ás Vicerreitorías de Titulacións e de Organización Académica para que estudaran o caso por considerar que se podía estar a vulnerar a normativa vixente solicitouse o oportuno informe respostando dende a Vicerreitoría de Organización Académica o seguinte:

“A COAP acordou informar favorablemente a incorporación das áreas vinculadas ao Departamento ás dúas materias citadas. Finalmente, esta adscrición foi aprobada na sesión de Consello de Goberno do 26/11/2018.”

Por iso, á vista do indicado, procedeuse ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

Q 1811/02

Escrito presentado por unha alumna de Grao motivado pola tardanza na resolución dunha solicitude de dispensa de asistencia a clase que tiña dirixido ao centro.

No informe solicitado ao decanato do centro indícase:

“.../informámolo de que está convocada unha Comisión Permanente para o vindeiro mércores 21 de novembro na que se resolverán as solicitudes de dispensa de asistencia á clase para o curso 2018-2019 recibidas ata o momento neste Decanato. Unha vez resoltas as solicitudes nesta Comisión Permanente, o Decanato procederá a comunicar as concesións/denegacións ás/aos solicitantes, así como ao profesorado afectado (neste último caso só as concesións).”

Q 1811/03

Foi presentado un escrito por residentes dunha residencia universitaria, acompañado por 366 sinaturas, en relación coa restrición de acceso aos residentes ao aparcadoiro da citada residencia, e indican que era un servizo máis que ofertaba.

Solicitado informe ao Sr. vicerreitor de Estudiantes e Internacionalización, no que indica o seguinte:

1. A RU non oferta entre os seus servizos o aparcamento para residentes, como se pode comprobar tanto na información que aparece na páxina web como no artigo 4 (dereitos) do regulamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR).
2. A información adicional ao expediente é unha información antiga, como pode comprobarse ao ver a denominación da vicerreitoría que figura nela. Aínda que non é posible determinar a data exacta da publicación, das consultas realizadas parece desprenderse que esa información non figura na web da USC dende o curso 2010-11. Debe terse en conta, ademais, que a denominación de “Vicerreitoría de estudantes, cultura de formación continua” deixou de utilizarse na USC o ano 2014. Enténdese, por tanto, que unha publicación antiga, que non figura na web da USC non pode ser, en ningún modo, vinculante na actualidade.
3. Aínda que a regulación do acceso ao aparcadoiro situado ao carón da RU non é competencia desta Vicerreitoría e, polo tanto, non é posible informar dos detalles técnicos de dita regulación, si existe constancia de que se realizou de forma que se garante (como non podería ser de outra forma) o acceso a vehículos de emerxencia aos diferentes centros radicados no edificio. De feito, a presenza de vehículos particulares mal aparcados que existía antes da regulación do acceso, comprometía con frecuencia a circulación dos vehículos de emerxencia, poñendo así en risco a seguridade dos usuarios do edificio.
4. Os responsables da RU teñen recibido instrucións para permitir o acceso de vehículos dos residentes para realizar labores de carga e descarga ou noutros casos nos que fose necesario chegar en coche á porta da residencia.

5. En canto á situación do resto de residencias do SUR, non temos constancia de que existan prazas de aparcadoiro dispoñibles para residentes.

Q 1811/04

Escrito presentado por un alumno dun máster en relación co desenvolvemento do prácticum.

Solicítase un informe á Sra. coordinadora do máster no que xustificaba que os problemas xurdidos para a integración do alumno ao prácticum viñan do centro que lle foi asignado, ao que lle tivo que informar que non había ningún impedimento para que o profesor asignado fose titor na especialidade asignada.

Q 1811/05

Alumna dun programa de doutoramento que expón a problemática persoal pola que atravesa e solicita a prórroga de presentación da tese.

Dende Terceiro Ciclo informan da resposta facilitada á alumna.

Q 1812/01

Foi presentado un escrito por estudantes dun máster en relación coa demora no desenvolvemento da actividade docente e organizativa.

Solicitado informe á Coordinación do Máster indica que a demora ven producida por distintas xestións e trámites que foi necesario realizar para a adxudicación das prazas de prácticas nos distintos centros.

Q 1812/02

Unha persoa da que non se puido verificar os seus datos identificativos enviou unha comunicación sen sinatura manuscrita a esta Institución expoñendo unha serie de supostas irregularidades.

Ao non poder acreditar a identidade do autor non foi admitido a trámite como unha queixa.

Q 1812/03

Fora presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador en relación coa participación na docencia de bolseiros e investigadores en formación baixo a tutela dun profesor/a ou investigador/a doutor/a. Admitida a queixa a trámite solicitouse da Vicerreitoría de Organización Académica un informe para que se clarificara o indicado no apartado 2.7 da *Normativa de Planificación Académica Anual 2018/2019* (Consello de Goberno do 01/12/2017) sobre o concepto de docencia tutelada, así como o modo no que debe implementarse de xeito efectivo, xa que tanto os bolseiros ou investigadores en formación como os profesores ou investigadores doutores que os deben titorizar constan nos P.O.D. co encargo docente correspondente, e se estudara a oportunidade de facer pública unha instrución ao respecto.

Con posterioridade recibíronse desa Vicerreitoría os informes de data 27/03/2019 e 27/05/2019. No último indicábase:

“Con data 27 de marzo do corrente, esta vicerreitoría respondeu á queixa de referencia, establecendo, na conclusión 4, que:

"4.O persoal investigador predoutoral en formación poderá colaborar en tarefas docentes sen que supoña unha merma da carga docente do departamento que asigne a colaboración. Esta última condición é a que se está a aplicar na USC, de forma que a docencia asignada nunha materia a un contratado predoutoral non se detrae do profesorado que imparte a dita materia. Isto implica que a realización práctica desta colaboración contempla a participación simultánea do profesorado e do contratado predoutoral na docencia da mesma; en todo momento o contratado predoutoral debe estar acompañado por algún profesor da materia".

Despois das consultas presentadas pola Sra. Decana, e revisado o proceso de elaboración do PDA, compre ampliar o concepto de clases interactivas de "laboratorio" máis aló do modelo convencional en sentido estrito, entendendo que no proceso actual de elaboración do PDA o concepto "laboratorio" fai referencia ao número de alumnos que definen o módulo do grupo (20), con independencia do tipo de traballo que se desenvolve en ditas sesións. Deste xeito, "laboratorio" non indica un lugar ou modo de traballo, senón o número máximo de alumnos por grupo. Desta forma, a titorización ou tutela dos contratados predoutorais pode desenvolverse de formas diferentes segundo as metodoloxías de traballo das distintas áreas, o que pode conducir a que non sempre sexa imprescindible a participación simultánea do profesorado e do contratado predoutoral na docencia. Non obstante, o profesorado debe desenvolver o seu labor de titorización tal como recolle a distribución de horas no POD do Departamento. Este aspecto deberá ser obxecto dunha regulación máis precisa.”

Q 1812/04 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna en relación co procedemento de concesión dos Premios Extraordinarios de Grao e Máster para alumnos que cursen estudos con dedicación a tempo parcial. No escrito expón o seguinte:

“.../ no seu momento, reducira a matrícula a tempo parcial (posibilidade que se recolle na normativa) para poder simultanear estudos e traballo e o mesmo persoal indicárame que non ía verme prexudicada en ningún momento. Agora véxome prexudicada por esta modalidade de cursar os estudos, xa que me indican que esta é precisamente a causa polo que non podo optar ao

recoñecemento e, de feito, na asignación provisional de Premios Fin de Máster non mo concederon.”

Cómpre indicar o que a este respecto indica a distinta normativa:

O Estatuto do Estudantado recolle no art. 33 apartado ñ, entre os dereitos do estudantado:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

ñ) A unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral.

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo citado anteriormente, as sucesivas *Convocatorias de Matrícula* incluída a do Curso 2018/2019 no punto 2: *Modalidades de Matrícula apartado 2.2* recollen a *Matrícula a tempo parcial en estudos de grao e máster* indicando:

“Os alumnos que por circunstancias acreditadas pretendan realizar estudos a tempo parcial poderán matricularse do 50% dos ECTS establecidos...”

Por outra banda a *Instrución 15/2012 sobre Procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e máster* no apartado 2 *Procedemento, cuarto parágrafo* recolle:

Os destinatarios do premio extraordinario serán os alumnos/as do Grao ou Máster que superen os estudos no prazo de duración establecido para a titulación, e que teñan a máxima cualificación da súa promoción.../

Xa que no parágrafo anterior non se especifica a duración concreta establecida para a titulación, é plausible entender que a duración dos estudos con matrícula a tempo completo é dun curso académico, polo que cando o alumno ten concedida matrícula a tempo parcial (50% dos créditos da matrícula a tempo completo) a duración establecida debe ser de dous cursos académicos.

Por todo o anterior recomendo:

- Dado que ao ser un procedemento competitivo non é razoable que se prive ao alumno proposto pola Facultade para a concesión de *Premio Extraordinario*, no caso concreto que atinxe a alumna, se cumpre os requisitos de resultado académico, se conceda pola vía da excepcionalidade un Premio Extraordinario adicional no *Máster Universitario*.
- E con carácter xeral, xa que a Universidade oferta a dobre posibilidade de matrícula a tempo completo ou parcial, se modifique a Instrución que regula o *Procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e máster* co fin de que clarifique que a

concesión do premio só depende da obtención da máxima cualificación da promoción e non do feito de optar por unha das posibilidades de matrícula o que suporía un menoscabo dos dereitos do alumnado.

A Secretaría Xeral da USC informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada, indicando:

“En relación coa recomendación formulada no expediente Q 1812/04 relativa á concesión de premios extraordinarios de grao e máster para alumnos con dedicación a tempo parcial, cómpre indicar que o Consello de Goberno do 20 de decembro de 2019 aprobou un novo Regulamento destes premios que refunde a normativa existente e a instrución que regulaba o procedemento.

Deste nova regulación debe destacarse, entre outras novidades, a posibilidade de conceder os premios extraordinarios ao alumnado que curse estudos a tempo parcial.

Deste xeito entendemos que damos cumprimento á segunda das recomendacións formuladas. A primeira non foi posible aceptala dado que o Consello de Goberno resolveu conforme á normativa vixente no momento de concesión destes premios.”

Q 1812/05

Foi presentado por unha membro do PDI un escrito no que expoñía a problemática na que estaba inmersa co Banco consistente na reclamación por esta entidade do importe dunhas comisións de inactividade de dúas contas, das que manifesta que non solicitou apertura, senón que foron impostas como contas asociadas á Tarxeta Universitaria de Identidade que tramitou no seu momento como estudante da USC.

Solicítouse un informe ao respecto á Secretaría Xeral da USC no que indica o seguinte:

“1.- A subscrición de contas bancarias por parte do alumnado ten carácter voluntario; en ningún momento a expedición da Tarxeta Universitaria (TUI) estivo vinculada á apertura dunha conta. A TUI poder ter funcións propias da USC ou tamén, de forma engadida, pode ter servizos bancarios, pero neste último caso só se así o solicita o alumnado, debendo asinar o correspondente contrato co Banco.

2.- No presente caso o contrato bancario nin sequera se realizou nas oficinas que o Banco ten no campus, xa que se corresponden cunha oficina sita en Doutor Teijeiro. Non procede a intervención da Universidade na resolución da incidencia posto que a queixa é allea ao ámbito da xestión académica da USC.

3.- Postos en contacto co Banco indícanos que a cliente pode chamar ao servizo de atención ao cliente para expoñer a súa queixa, así como realizar a mesma por escrito e presentala en calquera das oficinas do Banco.”

Q 1901/01

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos (P.A.S.) motivado pola falla de resposta a unha solicitude para a instalación dun aparcadoiro de bicicletas na inmediatez dun edificio do Campus Vida.

No informe remitido pola Sra. coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC describe a secuenciación das comunicacións que tiñan establecido ao respecto co presentador da queixa e ademais indicábase:

“.../b) O orzamento anual do PDS non ten capacidade para asumir a instalación do aparcadoiro cuberto. Calquera intervención neste sentido ten que estar autorizada e dotada orzamentariamente polas Vicerreitorías implicadas e a Xerencia, así mesmo debe estar supervisada polo Servizo de Estruturas.

c) Foi revisado o proxecto e o orzamento no mes de novembro de 2018 co Servizo de Estruturas cara unha nova solicitude dentro da valoración de obras pendentes de realizar no Campus Vida. O custo estimado ascende a 5.137,65 euros.

d) Foi solicitada novamente a construción da estrutura ao novo equipo de goberno. Existe unha boa disposición ao respecto mais queda por resolver a dotación orzamentaria e as reestruturacións das ubicacións de varios servizos.

e) Dende o Plan de Desenvolvemento Sostible nos comprometemos a manter a valoración da instalación da estrutura e facer o seguimento mais non podemos garantir a súa construción cara outras priorizacións cun carácter máis inmediato.”

Q 1901/02

Foi presentado un escrito por 6 profesores/as dun Área dunha Facultade motivado polas funcións que lles atribúe o *Acordo da Xunta de Facultade* no procedemento de resolución das solicitudes de “cambio de grupo de docencia” que pode efectuar o alumnado.

Solicitado un informe ao decanato do centro indican que existía unha disparidade na interpretación do procedemento de resolución das solicitudes de cambio de grupo que fora acordado na Xunta de Facultade. Finalmente o decanato, de xeito extraordinario e para evitar prexuízos ao alumnado, procedeu a conceder os cambios de grupo de 21 alumnos que os solicitaron con motivos xustificadas contemplados na normativa.

Q 1901/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna no que indica ter recibido unha comunicación da Facultade na que se informa ao alumnado da posibilidade de reducir a súa estancia Erasmus a un semestre aínda que a praza concedida teña carácter anual. No escrito expón:

“Me pongo en contacto con usted ya que en el día de hoy he recibido el correo en el que se da a entender que los estudiantes que ya saben que solo van a cursar un semestre en Erasmus, pueden optar a plazas definidas como anuales, suponiendo una clara discriminación para aquellos alumnos que quieren realizar un curso completo en el extranjero. Si ya de por si es complicado acceder a una plaza cuanto más si se puede llevar a cabo este tipo de prácticas existiendo, además, destinos específicos en los que ya solo se puede ir un cuatrimestre.

No se puede aceptar la reducción de una plaza anual a una semestral cuando no se da la opción de ampliar una plaza semestral. Esto no debería ser aceptado salvo en casos extraordinarios o de fuerza mayor.”

Admitido o escrito a trámite como unha queixa solicitouse un informe á Facultade, indicando o Sr. decano o seguinte:

“1.- O día 15 de xaneiro de 2019, realízase unha charla presentada pola Vicedecana de Estudiantes e Relacións Internacionais e o alumnado da Facultade co obxecto de informar sobre a Convocatoria de asignación de prazas no programa de mobilidade ERASMUS para o curso 2019/2020.

2.- En base á dúbida que xurdiu ao final da charla no que un alumno quería informarse sobre a posibilidade de reducir as estancias ERASMUS asociadas a prazas que en principio se ofrecen para nove meses, a Vicedecana de Estudiantes e Relacións Internacionais realiza a correspondente consulta ao Servizo de Relacións Exteriores da USC (SRE), contestándolle o SRE, *que eles, no servizo, no momento no que o alumnado acepta a praza asignada para un curso completo (asignada con anterioridade pola Facultade conforme as características das prazas remitidas polo SRE), lles permiten que acepten só para un semestre*, dado que polo de agora, o SRE non tivo problema con ningunha universidade de destino a este respecto, indicándonos pola súa contra, que non ocorre así no caso contrario, no que un alumno que escolle no procedemento de asignación de prazas realizado pola facultade, unha praza indicada para un semestre, non pode aceptar a praza para o curso completo.

Compre indicar a este respecto, que o procedemento de aceptación da praza, onde se lle da a opción ao alumnado para que opte por unha estancia dun só semestre pese a que praza inicialmente asignada no centro e para o curso completo (praza ofertada e asignada polo centro conforme as características comunicadas polo SRE), é un procedemento que se leva a cabo no SRE e sobre o cal a Facultade non ten ningunha capacidade de decisión.

3.- En vista á comunicación do SRE respecto a dúbida plantexada, a Vicedecana de Estudiantes e Relacións Internacionais comunica ao alumnado da Facultade aceptado no programa de mobilidade ERASMUS para o curso 2019/2020 a información remitida polo SRE, co obxecto de que o alumnado tivera a maior e mellor información posible en relación co procedemento de elección de prazas e a súa posterior aceptación no programa de mobilidade mencionado.”

Á vista do exposto no anterior informe solicítase información ao Sr. xefe do Servizo de Relacións Exteriores (SRE), quen comunicou:

“Los convenios interinstitucionales con las universidades socias son acuerdos de máximos. Firmar el convenio para curso completo nos permite enviar a alumnos por curso completo o por un único semestre. En los 10 años que llevo aquí nunca hemos tenido ningún problema por enviar alumnos un único semestre a destinos con los que tenemos un convenio para curso completo. No sucede lo mismo a la inversa: si el convenio es de un semestre, no podemos enviar estudiantes para el curso completo, a no ser que la universidad de acogida acepte su ampliación de estancia, una vez iniciada la misma.

La asignación de destino se hace valorando el conocimiento de idioma y la media académica del estudiante, no influyendo el hecho que su intención sea realizar una movilidad anual o semestral. Limitar las posibilidades de movilidad de los estudiantes que solo quieren/pueden ir un semestre a las plazas ofertadas como semestrales no tiene sentido, entre otras cosas porque hay facultades que no tienen ningún destino semestral.”

Segundo o *Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da USC*:

Aos estudantes seralles asignado o destino en virtude dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Na citada selección terase en conta, polo menos, o expediente académico e a adecuación ao programa ou convenio de intercambio.

Na *Convocatoria de selección de destinos Erasmus no Anexo I* recóllense as características e requisitos das prazas ofertadas para o coñecemento do alumnado co fin de que poidan conformar o criterio de elección da praza convocada. No citado anexo figuran as distintas prazas como estancias anuais ou semestrais.

Tanto a queixa presentada pola alumna como o informe do Centro e a petición de aclaración ao SRE por parte do mesmo, poñen de manifesto que na Convocatoria non queda clarificado que se poida transformar unha estancia que aparece publicada como anual a semestral.

O informe do SRE indica que: La asignación de destino se hace valorando el conocimiento de idioma y la media académica del estudiante, no influyendo el hecho que su intención sea realizar una movilidad anual o semestral.

Se ben segundo o indicado non se ten en conta a duración da estancia na asignación das prazas, a duración da estadía publicada si pode condicionar a elección do alumnado entre os distintos destinos ofertados ao entender que é vinculante.

Así pois, o procedemento público de concorrencia competitiva entre o alumnado debería publicar todos os requisitos e características das prazas ofertadas.

Por iso recomendo que nas vindeiras *Convocatorias de selección de destinos Erasmus* se recollan de xeito explícito todas as características e requisitos que finalmente se teñen en conta na concesión de prazas, incluída de selo caso, a información de que os prazos de estancia son máximos e que existe a posibilidade de redución dos mesmos no caso das estadías anuais.

En resposta a dita recomendación a Sra. xefa do Servizo de Relacións Exteriores indicou:

“Escríbolle para informar da acción que decidimos realizar de cara ás novas convocatorias de mobilidade do programa Erasmus Plus, como resultado das discusións no Servizo e Vicerreitoría sobre os procesos do programa, das solicitudes, selección e aceptación de prazas.

Achego o texto borrador da nova redacción de convocatoria que usaremos para publicación no mes de novembro. Salientamos sobre o borrador os textos revisados das bases 1.5.(e os subapartados) e a base 7.2 que melloran a explicación de como funciona a temporalidade das estadías.

Este novo texto explica o proceso de xeito máis transparente; así nesta convocatoria deixa claro que o mérito principal de selección de alumnado é a súa nota media - non se fai subdivisións da selección en función da duración prevista de estadía.

Outros factores a ter en conta para entender a casuística do programa serían:

1) en relación co Regulamento de Intercambios e a frase sobre os contidos dos convenios: a escasa relación entre a duración da praza marcada no convenio asinado coa institución de acollida e os contidos do programa docente en destino para un curso concreto, que dificulta que o alumnado da USC poida saber un ano antes da estadía prevista - no momento de asignación de praza - se vai poder formular un acordo de estudos válido para o curso completo ou non.

2) A financiación non é completa para estadias de 9 a 12 meses, factor que inflúe para que moitos alumnos queiran facer a mobilidade pero non poidan comprometerse economicamente para un ano completo.

Espero ter contestado a cuestión para que se poida evitar posibles malas interpretacións da convocatoria no futuro e facer constancia dun proceso transparente e equitativo.”

Q 1901/04

Foi presentado un escrito por unha profesora en relación co requirimento por parte dun Servizo para que presente uns documentos: DNI e título de doutora orixinal, que segundo indica xa se atopan en poder da USC, como trámite imprescindible para a tramitación da súa toma de posesión.

Solicitado un informe ao respecto ao Servizo de Xestión de Persoal no que se indicaba:

“Primeiro: De conformidade co establecido no punto 8 da Resolución, pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios, no prazo máximo de vinte días a contar dende o seguinte ao de publicación da proposta de nomeamento, a persoa candidata proposta en primeiro lugar pola comisión de selección, ten que presentar a copia compulsada do título académico requirido para a praza que foi proposta, se non obra no seu expediente persoal.

Polo tanto, a copia compulsada do título de doutora requirida á profesora, ten a súa orixe no disposto no artigo 8 da citada convocatoria elaborada polo servizo de Planificación de PDI. Dita copia non constaba no seu expediente. Será neste servizo onde lle poden informar a causa desta petición.

Segundo: en virtude do establecido no Real Decreto 2073/1999, do 30 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Central de Persoal e as normas de coordinación cos das restantes Administracións públicas, existe a obriga de comunicar o Rexistro central de persoal os actos relativos o profesado dos corpos docentes, acompañados do Documento Nacional de Identidade en vigor, para calquera inscrición u anotación de actos ou resolucións.

A copia do DNI que figuraba no expediente da citada profesora estaba caducada.”

Con posterioridade, á vista do exposto no escrito anterior, solicítase información ao Servizo de Planificación de PDI, recibindo o seguinte:

.../

2.- En relación á petición de informe sobre os documentos que teñen que presentar os solicitantes para poder participar nos procesos selectivos, así como os que contan nese Servizo con posterioridade á celebración das probas sinalar o seguinte:

Nas bases 3.4 e 8 da convocatoria aprobada por resolución reitoral, recóllense os documentos que necesariamente se presentarán xunto coa solicitude e os que debe aportar o candidato proposto para que se produza o nomeamento.

No Servizo de Planificación de PDI soamente consta a documentación establecida na base 3.4 da convocatoria e os documentos que debe presentar o candidato proposto (entre os que está o título académico) poden ou non constar no expediente persoal custodiado polo Servizo de Xestión de Persoal. Por tal motivo dende o noso Servizo se lle enviou o correo electrónico (citado) para confirmar ese extremo e á vista da resposta do Servizo de Xestión de Persoal se procedeu á tramitación do nomeamento de funcionaria da reclamante para a súa publicación no BOE.”

Q 1902/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha membro do P.A.S., referida ao non recoñecemento da subida salarial e de trienios perfeccionados nun período no que se atopaba en situación de incapacidade temporal (I.T.)

Solicitouse un informe ao respecto á Xerencia da USC, enviando o elaborado pola Sra. xefa do Servizo de Xestión de Persoal no que se indica o seguinte:

Primeiro: D^a causou baixa por incapacidade temporal como consecuencia de accidente laboral no período comprendido entre o 1 de xullo de 2016 e novembro de 2017.

Segundo: O Real decreto-lei 20/2012 de 13 de xullo, de medidas urxentes para garantir a estabilidade orzamentaria e do fomento, normativa vixente no momento da baixa de D^a, establecía unha limitación das retribucións que percibiría o persoal funcionario en situación de incapacidade temporal, tomando como referencia as percibidas no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal.

Terceiro: Á vista da sentenza 626/2016 de 14 de novembro de 2016 da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Consello de Goberno da USC, na súa sesión de 20 de decembro de 2018 (taboleiro electrónico da USC 21.12.2018) aproba o acordo de devengo de retribucións en situación de incapacidade temporal (IT), no que se establece que, o persoal que se atope en situación de incapacidade temporal, unha vez superada a situación de incapacidade, cando durante a IT perfeccione ou adquira un novo complemento persoal, tales como trienios percibirá os atrasos correspondentes previa solicitude. Isto tamén será de aplicación cando teña dereito ao aumento de retribucións que se estableza para o persoal.

En dito acordo establécese que a aplicación do mesmo non terá carácter retroactivo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro electrónico, por tanto o 22 de decembro de 2018, polo que non é posible aplicalo á situación desta dona ao terse producido a súa baixa con anterioridade á entrada en vigor de dito acordo.

Q 1902/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha membro do P.A.S. en relación coa que considera deficiente prestación de servizos por parte da Mutua de accidentes laborais.

Solicitouse un informe ao respecto á Xerencia da USC, que remitiu o elaborado pola entidade mutual no que se indica:

“Dña., trabajadora de Universidade de Santiago de Compostela, entidade que tiene aseguradas con la cobertura de contingencias profesionales de sus trabajadores, inició un proceso de incapacidad temporal por accidente de trabajo.

Al amparo del artículo 80.2 del Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, esta entidad ha sumido las correspondientes prestaciones económicas y de asistencia sanitaria, incluida la rehabilitación de la Sra. trabajadora como consecuencia del mencionado accidente de trabajo.

Las prestaciones sanitarias dispensadas se han realizado a través de nuestros servicios médicos propios, así como a través de los medios privados con los que disponíamos de concierto, en los términos establecidos en el artículo 258 de la LGSS y en las normas reguladoras del funcionamiento de las entidades, siempre con el afán de dar el mejor tratamiento posible a la trabajadora y obtener una pronta recuperación.

El tratamiento médico dispensado ha sido el indicado y adecuado a la situación clínica que presentaba la Sra. trabajadora, pero en ningún caso podemos facilitarles información de datos relativos a la salud de la trabajadora, en cumplimiento del Reglamento General de Protección de Datos de la Unión Europea y la normativa relativa a la protección de datos de carácter personal vigente.

En referencia a las alegaciones efectuadas relativas al certificado de retenciones emitido debemos aclarar que el artículo 17.1.d LIRPF califica como rendimientos del trabajo las dietas y asignaciones para gastos de viaje. No obstante, cuando pretenden compensar los gastos que se producen por motivos laborales, se exceptúan de tributación, en las cuantías y condiciones establecidas en el artículo 9 del RIRPF.

El régimen de dietas exentas exceptúa de gravamen a estas asignaciones cuando las percibe el trabajador por cuenta ajena que, en virtud del poder de organización que asiste al empresario, debe desplazarse fuera de su centro de trabajo para desarrollar este, bajo la concurrencia de determinados requisitos reglamentarios. Por lo que se puede concluir que el régimen de dietas previsto en el artículo 9 RIRPF únicamente es de aplicación a los contribuyentes que perciben rendimientos del trabajo como consecuencia de una relación laboral o estatutaria en la que se dan las notas de dependencia y alteridad.

En este sentido se ha pronunciado la Dirección General de Tributos en su consulta V2592/2014 de 3 de octubre de 2014. De este modo, el régimen de dietas exentas NO podrá resultar de aplicación a las dietas y gastos de desplazamiento pagadas por la mutua a los perceptores de ayudas.

Todas las prestaciones han sido dispensadas en el marco de la acción protectora del sistema, de acuerdo al marco legislativo al que nos encontramos sujetas las mutuas colaboradoras con la Seguridad Social.

Lamentamos el malestar de la Sra. trabajadora, siendo el compromiso y la misión de esta Entidad la de velar por la salud de nuestros clientes, prestándoles asistencia sanitaria primaria, hospitalaria y rehabilitadora y gestionando sus prestaciones económicas y sociales de forma integral, eficiente y sostenible.

En la mutua entendemos que la calidad y la eficacia son de suma importancia y nuestro reto es satisfacer las necesidades de comodidad para que todos los beneficiarios disfruten tranquilamente de la mejor asistencia, por eso le agradecemos nos hayan dado traslado de la queja planteada, que valoramos siempre como una oportunidad de mejorar nuestros servicios.”

Q 1902/03

Foi presentado un escrito pola alumna dun máster en relación coa demora na comprobación da equivalencia dos estudos que ten realizados para o acceso a dito máster.

No informe solicitado, dende a Secretaría Xeral indican o seguinte:

1.- Con data do 3/8/18, foi admitida no citado máster no período de vacantes, formalizando matrícula nesa mesma data.

- 2.- Con data do 18/9/18, solicitou a equivalencia dos seus estudos, requisito para ser admitida no máster cun título estranxeiro.
- 3.- Con data do 18/9/18 fíxoselle requirimento para que aportase documentación pendente para o expediente de equivalencia.
- 4.- Con data do 29/11/18 ten entrada a documentación aportada pola alumna.
- 5.- A alumna fixo unha consulta presencial do estado de súa solicitude con data do 30/1/19.
- 6.- Con data do 4/2/19 solicitouse informe por escrito ao Centro.
- 7.- Neste momento o expediente está pendente do informe do Centro. Tamén terá que intervir no procedemento a Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos.
- 8.- Non obstante o anterior, a falta do documento de recoñecemento de equivalencia non lle causa ningún prexuízo xa que está matriculada con todos os efectos e non se aprecia que, inicialmente, existan problemas para a súa concesión.

A data límite ordinaria para a concesión da equivalencia é o mes de xuño/xullo. Aínda que neste momento existen unhas 100 solicitudes de equivalencia pendentes de resolver, a da alumna que presentou esta queixa espérase que poda quedar resolta nunhas semanas.

Q 1902/04

Foi presentado un escrito por un membro do P.A.S. en relación coa reserva de prazas para persoas con diversidade funcional que recolle a Oferta de Emprego Público da USC para o ano 2018, na que para algunhas escalas e categorías non se efectúa cota de reserva de prazas para persoas con discapacidade.

Solicitada información ao respecto á Xerencia, temos recibido o seguinte informe xustificativo:

“1. No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* do 21 de decembro de 2018, publícase a Oferta de Emprego Público (OEP) do persoal de administración e servizos para o ano 2018.

2. A Oferta de Emprego elaborouse ao abeiro das seguintes normas: artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e nos artigos 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e 12 e 35 da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, así como nos Estatutos da USC e aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 20 de decembro de 2018.

3. A Universidade fai reserva de prazas para persoas con discapacidade tanto no réxime do persoal laboral como no de persoal funcionario e na propia Oferta no seu punto sétimo, explícase porqué se fai nesas escalas/categorías e non en outras cando se dí:

“resérvase a cota do 7 % para persoas con discapacidade, de acordo co establecido nos anexos de prazas obxecto desta oferta. A reserva realízase naquelas escalas e categorías en que as actividades ou funcións que se realizan son compatibles, en maior medida, coa posible existencia dunha discapacidade. O número de prazas reservadas quedará recollido nas correspondentes bases das convocatorias”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no seu artigo 48 o seguinte: “.....as reservadas para persoas con discapacidade poderanse concentrar naquelas convocatorias que se refiran a corpos, escalas ou categorías que mellor se adapten as peculiaridades das persoas con discapacidade.”

2. En consonancia co anterior, as razóns polas que a Universidade de Santiago escolleu estas prazas para ofertar a persoas con discapacidade, son as seguintes: optouse por prazas de nivel intermedio, onde as esixencias de titulación e de funcións non deben supor unha traba para o acceso de persoas con discapacidade, trátase de categorías/escalas moi transversais que existen en centros moi diversos tanto no Campus de Compostela como no de Lugo, supón o primeiro paso dunha carreira vertical, pois poderán participar por promoción interna a outro tipo de prazas dentro do correspondente ámbito, e ademais son as convocatorias nas que se ofertan un maior número de prazas.

3. Non existe normativa estatal ou autonómica que obrigue ás administracións públicas a facer reserva de prazas para persoas con discapacidade en todos os corpos, escalas ou categorías nas que hai Oferta.

4. A maior abastanza, cómpre indicar que a motivación indicada foi a mesma que a USC empregou para executar a sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Santiago de Compostela no recurso tramitado como procedemento abreviado nº 0000684/2016 que obrigou á Universidade a motivar as razóns polas que se ofertaban unhas prazas e non outras para persoas con discapacidade da Oferta de Emprego Público de 2016.

5. Todo isto explica a criterio desta Universidade, que sexa máis fácil o acceso as prazas por este sistema, e a posterior integración e a adaptación das persoas con discapacidade ao desempeño das tarefas e funcións que teñen asignadas.

Por todo o exposto, emito este informe que complementa a motivación da reserva de prazas para persoas con discapacidade descrita na resolución do 21 de decembro de 2018 pola que se publica de Oferta de Emprego do ano 2018.”

Q 1902/05 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha alumna de doutoramento no que poñía de manifesto un problema xurdido no proceso de cualificación da tese que defendía, en concreto na apertura de sobres cos informes confidenciais para a mención de *Cum Laude* e do *premio extraordinario*, indicando o seguinte:

“Que no acto de apertura de sobres oficiais para recoller os informes confidenciais a efectos da mención de Cum Laude e do premio extraordinario un deles resultou estar completamente en branco, incumpríndose con esta anomalía o requirimento establecido no Art. 38 do Regulamento de estudos de doutoramento (aprobado no Pleno ordinario do Consello de Goberno do 12 de xuño de 2017 e publicado no DOGA Núm. 143 do 28 de xullo de 2017): voto secreto positivo por unanimidade.

.../

Que se estableza un protocolo de comunicación dos resultados da apertura de sobres ao alumnado (incluíndo a propia apertura pública), pois a comunicación de tal resolución prodúcese a través do persoal administrativo durante a tramitación do título (previo requirimento de tal información a instancias do alumnado)”

Considerando que dito escrito reunía os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa e solicitouse informe ao Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra quen, entre outras cuestións indicou que: *.../ non compete a ningún órgano da EDI a valoración académica das teses doutorais, .../ e segundo o artigo 38.4 do*

Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, o secretario do tribunal debe entregar toda a documentación referente ao proceso de cualificación á Unidade de Xestión Académica.

Por iso con posterioridade, solicitouse información ao Secretario do Tribunal encargado do proceso de cualificación de dita tese, que indicou o seguinte:

.../

b) Para situar a cuestión que é obxecto da queixa, permítome lembrar o que establece o art. 38 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC:

Artigo 38. Cualificación da tese de doutoramento

• Concluído o acto de defensa da tese de doutoramento, o tribunal emitirá un informe sobre esta e expresará a cualificación global concedida de acordo coa seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente. O presidente do tribunal comunicará, en sesión pública, a cualificación.

• O secretario do tribunal redactará a acta de colación do título de doutor/a, que incluírá información relativa ao desenvolvemento do acto de defensa da tese e a expresión da cualificación acadada. Se se optara á mención internacional do título de doutor, á mención industrial ou á mención en cotutela, o secretario do tribunal incluírá na acta de colación do título a certificación de que cumpre os requisitos exixidos.

• O tribunal poderá propor que a tese obteña a mención de cum laude se a cualificación global é de sobresaliente e se se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. A concesión final da devandita mención realizarase en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese de doutoramento.

• O secretario do tribunal, ou membro do tribunal en quen delegue, será responsable da custodia da documentación correspondente á defensa da tese de doutoramento e deberá remitir/la debidamente cuberta á Unidade de Xestión Académica ou órgano que se estableza, no prazo máximo de 5 días hábiles posteriores á defensa da tese para o seu arquivamento e documentación. No caso das teses defendidas no campus Lugo, a documentación será presentada na Unidade de Xestión Académica ou órgano que se estableza. Calquera outra situación será regulada desde o CIEDUS.

• O secretario do tribunal pode delegar a custodia da documentación e a súa remisión nun membro do tribunal e, excepcionalmente, cando non caiba esta delegación, farao nun membro do persoal docente e investigador da universidade logo de autorización da escola de doutoramento.

- a) Establecidos os antecedentes, como Secretario do Tribunal que cualificou a mencionada tese só podo dar fe de que os tres membros do Tribunal seguimos os pasos previstos na normativa (puntos 1,2 e 3 do art. 38 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC), cubrindo e asinando debidamente os correspondentes documentos.
- b) A única incidencia reseñable refírese á custodia da documentación e a súa entrega na Unidade de Xestión Académica. Por motivos de saúde, que puideron comprobar todos os asistentes ao acto de defensa da Tese, esa entrega non foi realizada persoalmente polo Secretario do Tribunal. En consecuencia, o Secretario, coa conformidade dos restantes membros do Tribunal, delegou a entrega da documentación nun "membro do persoal docente e investigador da universidade", como prevé o art. 38.5 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. En concreto, esa delegación produciuse nunha profesora presente no acto de defensa.
- c) No relativo ao voto secreto para a mención de Cum Laude e o premio extraordinario, como Secretario do Tribunal só podo informar que se seguiu o procedemento previsto na normativa: ao obter a Tese a cualificación de sobresaliente, cada un dos membros do Tribunal cubriu o seu informe confidencial, que introduciu no sobre correspondente; posteriormente eses

informes foron introducidos nun sobre asinado polo Secretario, que se engadiu ao resto da documentación.

Dado que se trata de informes secretos, que foron abertos posteriormente na Unidade de Xestión Académica do campus de Lugo como prevé a normativa, descoñezo o seu contido.

- d) Segundo a comunicación do Valedor da Comunidade Universitaria, na queixa formulada indícase: *"Que no acto de apertura de sobres oficiais para recoller os informes confidenciais a afectos da mención de Cum Laude e do premio extraordinario un deles resultou estar completamente en branco, incumpríndose con esta anomalía o requirimento establecido no Art. 38 do Regulamento de estudos de doutoramento."*

Sobre o que se sinala na queixa resúltame imposible aportar ningunha información adicional, posto que, polos motivos mencionados no punto anterior, descoñezo o contido dos informes emitidos polos outros dous membros do Tribunal.

Debo engadir que, sendo comprensible a desconformidade da doutoranda co resultado deses informes confidenciais (*"un deles resultou estar completamente en branco"*), non alcanzo a entender a información adicional que como Secretario do Tribunal podería aportar ao respecto. .../

Segundo dispón o artigo 14.7 do RD 99/2011, modificado polo artigo segundo do RD 534/2013: *"El tribunal emitirá un informe y la calificación global concedida a la tesis de acuerdo con la siguiente escala: No apto, aprobado, notable y sobresaliente. El tribunal podrá otorgar la mención de cum laude si la calificación global es de sobresaliente y se emite en tal sentido el voto secreto positivo por unanimidad. La Universidad habilitará los mecanismos precisos para la materialización de la concesión final de dicha mención garantizando que el escrutinio de los votos para dicha concesión se realice en sesión diferente de la correspondiente a la de defensa de la tesis doctoral."*

Por outra banda a USC no *Procedemento para a concesión da mención "cum laude" tras a lectura e cualificación da tese de doutoramento* recolle o seguinte:

Segundo.- O tribunal poderá outorgar a mención de "cum laude" se a cualificación global é de Sobresaliente e se emite en tal sentido o voto confidencial positivo por unanimidade. Ademais, en caso de voto positivo para mención de "cum laude" e no mesmo impreso, cada un dos membros do tribunal emitirá unha serie de valoracións numéricas para os efectos exclusivos da obtención do premio extraordinario de doutoramento. A valoración para o Cum Laude se emitirán no formulario específico T64, enviado pola Comisión de Doutoramento. Asemade, neste formulario incluírase a autorización ao Presidente ou Secretario do Tribunal a facer o relato en sesión diferente.

Terceiro.- O escrutinio dos votos realizarase, en sesión diferente a de defensa da tese de doutoramento que se celebrará antes de transcorridos cinco días hábiles da mesma, durante o período lectivo do calendario académico. Para elo, unha vez rematada a defensa da tese e no prazo máximo de 5 días hábiles, o/a Secretario/a do tribunal ou membro do tribunal no que se delegue entregará persoalmente toda a documentación debidamente cuberta na: Sección de Posgrao. Pavillón Estudantil UXA. Campus Sur. Agás as teses defendidas no campus de Lugo, que o farán no mesmo prazo, a través do rexistro xeral do devandito campus.

Seguindo o establecido nesta normativa, o tribunal no caso que nos ocupa, unha vez cualificada a tese con sobresaliente manifestou de forma inequívoca a intención de valorar a posibilidade de outorgar a mención de "cum laude" e da obtención do *premio extraordinario*

de doutoramento, ao iniciar o Procedemento que para ditas mencións ten establecido a Universidade de Santiago de Compostela.

No entanto, no desenvolvemento do mesmo, no proceso de apertura e escrutinio dos votos secretos para a obtención do “cum laude” conséntase que un deles contén o formulario específico T64 mais sen estar cumprimentado, como é preceptivo.

Polo tanto é de considerar que se está a producir un erro de feito no desenvolvemento e aplicación do procedemento que ten establecido a USC a tal efecto.

Nesta Institución téñense tramitado queixas anteriores (Q1305/01, Q1402/05) motivadas por supostos erros no sentido do voto e que pretendían cambiar o sentido do mesmo, que remataron cunha recomendación na que se indicaba:

“Aínda que efectivamente se reconece a dificultade para que induzan á confusión os modelos establecidos para a realización do trámite obxecto da queixa, considero que non se debe desbotar a posibilidade de que nalgún momento se poida producir un erro, por iso recomendo que se estableza un protocolo de actuación que permita emendar ditas situacións coas debidas garantías xurídicas.”

A presente queixa volve así a incidir na mesma problemática, sen que se teña coñecemento de que a Universidade teña efectuado algún tipo de actuación ao respecto, por iso recomendo á Secretaría Xeral que:

- Con carácter xeral, se estableza un protocolo de actuación que permita emendar situacións como a descrita na presente queixa, que aínda que poidan ser pouco frecuentes, producen serios prexuízos ao estudantado.
- No caso concreto da presente queixa se articule un procedemento que coas debidas garantías de confidencialidade permitan emendar o erro que se ten producido e se someta de novo á consideración do tribunal a concesión de ditas mencións.
- Se estude a posibilidade de mellora na comunicación dos resultados, informando por escrito ao alumnado do resultado trala apertura dos sobres sen necesidade de ter que agardar á tramitación do título, e previo requirimento de tal información por parte do alumnado, como acontece na actualidade.

Froito da anterior recomendación, tense constancia de que se fixeron xestións para a mellora deste procedemento.

Q 1902/06 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno doutorando. No mesmo indica que tiña dirixido á Comisión Académica do Programa de Doutoramento unha solicitude de incorporación dun

segundo director á súa tese da que non recibiu resposta por escrito xustificativa da denegación, motivo polo que se dirixe a este Valedor.

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, solicitouse informe ao Sr. Presidente da Comisión Académica do Programa que respostou o seguinte:

“A solicitude tramitouse na Comisión do programa pero tiña que ser autorizada na reunión da EDI, como así sucedeu o 30 de outubro do pasado ano. Non asistín persoalmente, pero enviei un documento no que explicaba as razóns para considerar a pertinencia de engadir un codirector malia ter transcorridos 24 meses da entrada no programa do doutorando.

A EDI resolveu negativamente, decisión que transmitín verbalmente ós interesados. Sen embargo considero que non me correspondía a min, senón á EDI, poñer en coñecemento do doutorando a decisión.”

Á vista do indicado anteriormente solicitouse ao Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional correspondente un informe, no que indica:

Tras revisar a documentación dispoñible na EDI verifícase que:

- A solicitude de incorporación dun segundo director foi remitida polo coordinador do Programa de Doutoramento.
- A solicitude remítese cando xa levan transcorridos algo mais de 36 meses do inicio da tese e cando xa foi concedida unha prórroga de 12 meses.
- Nesa solicitude refírese que o profesor proposto é experto no tema da tese e que leva exercendo informalmente labores de codirección dende hai tempo.
- Na reunión da Comisión Académica da EDI acordou non autorizar a incorporación do novo director por non encontrar motivos suficientes para consideralo un caso excepcional unha vez transcorridos 24 meses (entre eles, habitualmente, enfermidade ou baixa do director ou cambios significativos no Plano de Investigación ratificados pola modificación do plan aprobada pola CAPD).
- Dese acordo, a Directora da EDI deu traslado ó Coordinador do Programa de Doutoramento en escrito con data no mesmo 30 de Outubro de 2018 como resposta á solicitude remitida o 17 de outubro de 2018

A EDI considera que a resposta ó alumno debería ser transmitida polo Programa de Doutoramento, que é a quen dirixe o alumno a súa solicitude.

Para contribuír a evitar posibles situacións similares nun futuro, incluírá nas notificacións ós Programas de Doutoramento a recomendación expresa de que dean traslado das resolucións a todos os interesados.

Por outra banda, cómpre sinalar que o *Regulamento de estudos de doutoramento*, (Consello de Goberno do 12 de xuño de 2017) no art. 6.1 recolle entre as funcións das comisións académicas dos programa de doutoramento a seguinte:

e) Acceder ao cambio de designación do/da titor/a e/ou do/da directora/a, e autorizar a codirección da tese se concorren razóns de índole académica que o xustifiquen, sen prexuízo do disposto no artigo 10.

E que o art. 10 respecto da autorización de directores/as das teses de doutoramento indica:

Artigo 10. Directores/as da tese de doutoramento

6. A tese poderá ter máis dun/dunha director/a cando concorran razóns de índole académica ou cando a interdisciplinabilidade temática ou os programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional así o xustifiquen. O número máximo de directores/as que deberá asignar a CAPD, sen ser necesaria a autorización da escola de doutoramento, será de dous/dúas.

7. Será necesaria a autorización da escola de doutoramento para a asignación dun/dunha director/a, logo de proposta da CAPD, nos seguintes casos:

- a) Na asignación dun terceiro director/a, cando exista un convenio específico que o requira.*
- b) No caso de inclusión dun novo director/a transcorridos 24 meses desde o inicio dos estudos.*
- c) No caso da asignación dun/dunha director/a que non acredite a súa experiencia investigadora segundo o indicado neste artigo e sempre e cando o/a doutorando/a teña a asignado outro director/a que si a cumpra.*

8. O cambio de director/a ou directores/as, que deberá ser excepcional e motivado, será aprobado pola CAPD.

Así pois, pódese concluír o seguinte:

- Que o Sr. doutorando tiña dirixido a solicitude de incorporación dun segundo director á Comisión Académica do Programa de Doutoramento, seguindo o establecido na normativa.
- Que ao concorrer algunha das circunstancias recollidas no art. 10.7 a CAPD remite a solicitude á Comisión Académica da EDI para a súa autorización, que non foi considerada.
- Que unha vez efectuado dito trámite debería ser a propia CAPD quen remita ao interesado a comunicación motivada sobre a autorización ou denegación da solicitude de codirección da tese.

Así pois, recomendo que se efectúe dita comunicación ao Sr. doutorando nos termos indicados.

Con posterioridade, dende a Comisión Académica do Programa de Doutoramento indican ter comunicado de xeito persoal a decisión adoptada.

Q 1902/07

Foi presentado un escrito por estudantes dunha Facultade que realizaron unha estada Erasmus en Lituania no que expoñen o seu descontento ao constatar que as cualificacións que

figuran na secretaría virtual foron minoradas aproximadamente nun punto respecto ás obtidas na universidade de destino Erasmus.

O Sr. decano da Facultade no informe solicitado indica o seguinte:

1.- Con data 8/08/2018, o Centro emitiu as resolucións relativas a recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio de tres estudantes propios (dúas alumnas e un alumno) que realizaron as súas respectivas estancias Erasmus KA103 de dous semestres na Lietuvus Sveikatos Mokslu Universitetas de Lituania. Ditos recoñecementos realizáronse en aplicación da *Normativa de recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio da USC* (en diante *Normativa aprobada polo Consello de Goberno do 3 de Marzo de 2017, e modificada polo Consello de Goberno do 24 de Maio de 2018*

2.- Na aplicación das táboas do Ministerio establecidas na mencionada *Normativa* (de obrigado cumprimento para o curso 2017-18) para o recoñecemento das cualificacións obtidas polos estudantes propios en réxime de intercambio con Universidades de diferentes países europeas e de Hispano América, fomos detectando varios problemas (desaxustes cos sistemas de avaliacións emitidas polas Universidades de destino, erros nas escalas de puntuación, etc.), coincidindo coa apreciación doutros Centros da nosa Universidade. Ao longo do curso 2017-18, e por diversas vías, puxemos en coñecemento das instancias competentes da USC (Vicerreitoría de Estudantes e Internacionalización, Vicerreitoría de Titulacións, Secretaría Xeral, Comisión de Validacións e Recoñecementos), as dificultades detectadas e maila nosa preocupación polas implicacións que o procedemento vixente podería supor para os expedientes dos estudantes participantes nos programas de mobilidade, cara ao acceso as prazas de formación especializada .

3.- O día 22 de agosto, os estudantes presentan por escrito, a través do coordinador académico Erasmus, a súa desconformidade cos recoñecementos realizados no Centro, alegando as diferenzas de cualificación con respecto aos estudantes que fixeran estancias Erasmus o curso anterior, e mesmo con respecto a estudantes doutras Universidades que realizaron estadias Erasmus na mesma Universidade no curso 2017-18.

4.- Procedemos a revisar os recoñecementos realizados, constatando que non se producira ningún erro na aplicación da correspondente Táboa de equivalencias (páx. 4222 do Anexo 1) establecida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte mediante Resolución de 18 de Setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades (<http://www.educacionyfo.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha/203615/ANEXO1ESCALAS.pdf>), e así llo informamos ao alumnado reclamante.

5.- Ao abeiro do artigo 3.2 da *Normativa*, e tal e como xa fixeramos para os recoñecementos doutros países, enviamos o escrito adxunto, de data 13 de setembro de 2018, dirixido á Vicerreitoría de Titulacións e a Secretaría Xeral da USC. Nese escrito solicitabamos que se paralizase a aplicación das táboas de equivalencia Ministeriais, e propoñiamos unha táboa alternativa específica para os recoñecementos de Lituania. Ao noso entender a táboa alternativa, reflectía mellor o esforzo e nivel de coñecemento acadados polos nosos estudantes nas estancias Erasmus nese país, evitando así posibles agravias comparativos co alumnado propio que realizara todos os seus estudos na USC e cos estudantes doutras Universidades que se acolleran aos mesmos programas de mobilidade. Ante a ausencia de resposta á ese escrito por parte da USC, fixemos chegar de novo o 23 de novembro de 2018 a devandita solicitude e maila proposta relativa a Lituania, á Vicerreitoría de Titulacións e á Secretaría Xeral da USC.

6.- A Instrución I/2018, da Secretaría Xeral da USC, establecera un procedemento excepcional para o cumprimento dos Acordos da Comisión de Validacións e Recoñecementos. De feito, e a instancias do noso Centro e doutros Centros, a USC aprobara táboas de equivalencias de estudos cursado nas

universidades de Italia e de Polonia, que foron de aplicación con efectos retroactivos para o curso 2017- 2018.

7.- Na reunión da Comisión de Validacións e Recoñecementos da USC do 1 de febreiro de 2019, a que fomos convocados, figuraba como punto da orde do día "Táboas de recoñecemento en réxime de intercambio", achegándose, entre as solicitudes recibidas, as que enviáramos en setembro e novembro de 2018 sobre Lituania, República Checa, e países de Hispano América con escalas de 6 a 10. As solicitudes recibidas non foron sometidas a avaliación, xa que segundo se nos anticipou nesa reunión, a USC pretendía poñer en marcha un procedemento para recoller e analizar a situación actual dos recoñecementos nos distintos Centros. Nese punto, puxemos de manifesto o noso malestar e a nosa preocupación pola demora en poder dar unha resposta definitiva ao alumnado afectado.

8.- O 11 de Febreiro de 2019, o Vicerreitor de Estudantes e Internacionalización, solicita aos Centros que realicemos unha análise de cal é o sistema de recoñecemento de cualificacións para os destinos cos que temos intercambio, que mellor se adapta ás nosas necesidades, tendo en conta tres posibles alternativas. Tamén solicita que na primeira fase desa análise, se priorizasen as propostas dos sistemas de recoñecemento de Reino Unido, Francia, Lituania e República Checa para os que existe constancia de que a as táboas do Ministerio non son acaídas.

9.-. Ao longo deste dilatado proceso ,a Vicedecana en calidade de RAM, mantivo contacto directo cos estudantes afectados, para mantelos informados de todo o procedemento e das medidas desenvolvidas polo Centro. Nesas comunicacións, transmitímoslles que compartíamos totalmente a súa preocupación, pero que namentres as instancias universitarias competentes non autorizaran a aplicación das equivalencias alternativas solicitadas, o Centro estaba obrigado a seguir o procedemento normativo vixente da USC."

Q 1903/01

Foi presentado un escrito por un estudante dun Grao en relación coa modificación da data da proba ACOE que estaba anunciada dende setembro. No escrito expón:

".../La secretaría do Centro acaba de enviar un correo a todo el alumnado de sexto informando de un cambio de fecha de un examen oficial, que estaba anunciada desde septiembre. Somos 360 alumnos y era lógico pensar que esto iba a afectar a mucha gente, entre la que me incluyo, que ya tiene otros compromisos ese día, ya sean viajes personales, competiciones o incluso los estudiantes que se encuentran de movilidad. No sabemos si esto es siquiera legal; en cualquier caso nos gustaría saber cómo proceder a continuación para buscar una solución."

No informe que lle foi solicitado o Sr. decano da Facultade xustifica o seguinte:

A finales del curso 2017-2018 y de la forma habitual, se aprobó el calendario para el curso académico 2018-2019, en el que se fijó para el ECOE la fecha del 25 de mayo 2019.

Esa fecha estaba fuera del periodo lectivo, y el ECOE no es propiamente un examen, por lo que se solicitó autorización a la Secretaría Xeral para realizar esta actividad fuera de plazo, lo que es una práctica habitual y desde luego está contemplado dentro de la normativa de la Universidad.

En la primera reunión de organización de ECOE el coordinador de la misma, comentó que la fecha del 25 no era posible por no ser periodo lectivo, y sin tener en cuenta que ya estaba autorizado por la Secretaria Xeral, propuso la fecha del 11 de mayo. Todos los presentes, Decano incluido no nos percatamos que la fecha del 25 de mayo era perfectamente válida al estar autorizada por Secretaria Xeral.

Ante la propuesta de modificación de fecha, desde el Decanato, se convocó una Comisión Permanente, tras pedir que se informara a alumnos y profesores exhaustivamente y se comprobara que no había problemas significativos.

Tras aprobar el cambio de fecha, según la normativa, detectamos con días de retraso que la información no era exhaustiva, y que había problemas con algunos alumnos –pocos- y con varios profesores.

Al equipo Decanal se le planteó el volver a la fecha inicial, pero en una valoración de esta posibilidad pensamos que tendría más problemas que beneficios para toda la Facultad, tanto alumnos como profesores.

A partir de ese momento, nos reunimos en dos ocasiones con los representantes de los alumnos en la Comisión Permanente, donde se les ofreció todo tipo de explicaciones.

Contactamos con los delegados del sexto curso, para reunirnos con ellos, pero esta reunión no ha podido tener lugar porque la fecha propuesta, el 5 de abril, no podía ser por nuestra parte y estamos pendientes de poner una nueva fecha.

Personalmente, en el acto de despedida de los alumnos de 6º, tuve ocasión de explicarles el problema y pedirles disculpas por el mal entendido.

Hasta este momento, hemos detectado problemas en 3 alumnos, a los que se les realizará una prueba alternativa, según se hace habitualmente.

Sin ánimo de buscar disculpas, puesto públicamente ante los alumnos he reconocido que la única responsabilidad es del Decano, ayudó a este mal entendido, que el ECOE – que se realiza en todas las Facultades- no está suficientemente definido, no existe en el POD, y hasta ahora era una actividad voluntaria para profesores, hecho que debemos modificar.

En cualquier caso, aun reconociendo el error que motivó este cambio, todo el procedimiento se realizó de acuerdo a la normativa de la USC, y el retraso en contestar a esta reclamación, es que durante estas semanas hemos estado trabajando intensamente en conocer los problemas que esta decisión había producido y por supuesto intentando solucionar estos problemas.”

Polo que á vista do indicado no anterior informe comunícaselle ao presentador da queixa que se ten algunha dificultade/problema para realizar a proba na nova data establecida debe contactar co Sr. decano da Facultade na procura dunha solución ao respecto.

Q 1903/02 - Recomendación

Foi presentado un escrito de queixa por unha persoa ao estimar que se está a producir un tratamento inadecuado dos seus datos de carácter persoal coa publicación dos mesmos na web da USC dende que participou nun proceso selectivo no ano 2016. No escrito expón:

“Me pongo en contacto con usted para trasladarle mi malestar con el proceder de su universidad en cuanto al tratamiento de mis personales y sensibles puesto que el archivo que les adjunto es accesible para cualquier persona que entre en su página web y desde cualquier buscador (ej. Google).

En el archivo junto con mi nombre, apellidos y NIF, aparecen las adaptaciones a las que tengo derecho por mi discapacidad lo cual es totalmente inadmisibile e incluso antijurídico a la luz del Reglamento de Desarrollo de la Ley de Protección de Datos.

Les solicito que solventen este incidente a la mayor brevedad y me lo comuniquen en cuanto lo hayan hecho para poder evitar tener que tomar cualesquiera otras medidas legales.”

A información persoal que o presentador da queixa considera de carácter sensible e que non debería aparecer na web da USC atópase na seguinte ligazón:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan_pas/modules/convocatorias/documentos/2016_Convocatoria_listaxe_espera_C2/Adaptacions-concedidas.pdf

Admitida a queixa a trámite solicitouse un informe ao Sr. Delegado de Protección de Datos da USC, no que indica ao respecto:

“.../con relación ao expediente Q190302, e aos problemas similares que poidan presentarse, a posición mantida por este Delegado de Protección de Datos (e seguida pola Secretaría Xeral da USC) é que os listados de persoas non se poden subir en aberto en Internet. Trataríase dunha práctica de risco desproporcionada, sobre todo porque os sistemas automatizados de minería de datos poderían empregar tal información para facer perfilados de persoas sen atrancos.

As listas deben publicarse no taboleiro electrónico da USC, que ten un sistema per se para evitar eses barridos automatizados.

Polo tanto, debe conminarse aos autores desa subida aberta de datos para que retiren os listados e os colguen, se segue sendo necesario por razóns de transparencia, no taboleiro electrónico.”

Por iso *recomendo* á responsable do dominio web que, de xeito inmediato, se restrinxa o acceso á información obxecto da queixa, e con carácter xeral, se apliquen as consideracións recollidas polo Sr. Delegado de Protección de Datos, ao constatar que no mesmo se teñen publicado e son accesibles con carácter universal datos de natureza sensíbel doutras persoas.

En resposta a dita recomendación, a responsable do espazo web indicou:

“En relación coa queixa presentada comunícolle que atendendo a esa reclamación, e ás recomendacións realizadas polo Sr. Delegado de Protección de Datos da USC, e por vostede, procedeuse a retirar a páxina web que menciona, con data de 25 de marzo 2019.

Fíxose ademais unha revisión no dominio Web e elimináronse todas as páxinas que contiveran algún dato sensible.

Ademais, procedeuse a dar instrucións aos tribunais de selección, para que este tipo de publicación no futuro, só se realice no taboleiro electrónico.”

Q 1903/03 - Recomendación

Froito de consultas efectuadas nesta Institución tense apreciado que pode haber un problema de rendemento académico nunha materia dun Grao.

Polo que se considerou oportuno analizar dita problemática como unha queixa tramitada de oficio e iniciáronse as actuacións previstas no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Por iso, solicitouse un informe á Sra. decana da Facultade ao respecto, quen remitiu os seguintes datos:

INFORME DA MATERIA

Número de matriculados, non presentados, suspensos e aprobados na oportunidade de xaneiro e na de xullo de cada curso académico, e nos últimos 5 anos:

Curso	Oportunidade	Non presentados	Suspensos	Aprobados
2017-18 (124 matriculados)	Xaneiro	34	51	39
	Xullo	34	34	17
2016-17 (111 matriculados)	Xaneiro	46	50	15
	Xullo	26	51	19
2015-16 (111 matriculados)	Xaneiro	48	45	18
	Xullo	26	45	24
2014-15 (99 matriculados)	Xaneiro	41	37	21
	Xullo	17	42	19
2013-14 (101 matriculados)	Xaneiro	32	39	29
	Xullo	24	26	22

Número de veces de matrícula (non de convocatoria) dos alumnos no curso 2017-18

Curso 2017-18		DA MATERIA POR CURSO (non desglosado por matriculados, repetidores e matrícula no caso dos
Matrícula	Nº alumnos	
1ª	24	
2ª	28	
3ª	9	
4ª	29	
5ª	6	
6ª	21	
7ª	2	
8ª	3	
9ª	1	
10ª	1	

DATOS XERAIS oportuidade) Número de repetidores

	MATRICULADOS	REPETIDORES
CURSO 2013-14	101	50
		26 de 2ª matrícula 24 de 3ª matrícula

CURSO 2014-15	99	47
		26 de 2ª matrícula 14 de 3ª matrícula 7 de 4ª matrícula
CURSO 2015-16	112	57
		35 de 2ª matrícula 14 de 3ª matrícula 7 de 4ª matrícula 1 de 5ª matrícula
CURSO 2016-17	111	66
		36 de 2ª matrícula 19 de 3ª matrícula 9 de 4ª matrícula 1 de 5ª matrícula 1 de 6ª matrícula
CURSO 2017-18	124	72
		36 de 2ª matrícula 26 de 3ª matrícula 8 de 4ª matrícula 1 de 5ª matrícula 1 de 6ª matrícula

Cualificación por curso académico

	2013/2014		2014/2015		2015/2016		2016/2017		2017/2018	
Aprobado	33	33,33%	27	27,27%	28	25,00%	26	23,42%	31	25,00%
Matrícula de Honra	4	4,04%	2	2,02%	2	1,79%	2	1,80%	1	0,81%
Non Presentado	23	23,23%	17	17,17%	26	23,21%	25	22,52%	27	21,77%
Notable	13	13,13%	9	9,09%	12	10,71%	7	6,31%	22	17,74%
Renuncia		0,00%		0,00%	1	0,89%		0,00%		0,00%
Sobresaliente	1	1,01%	2	2,02%		0,00%		0,00%	2	1,61%
Suspenso	25	25,25%	42	42,42%	43	38,39%	51	45,95%	41	33,06%

INFORME TAXA DE ÉXITO POR CURSO ACADÉMICO (Nº créditos superados por Nº créditos presentados)

2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
67,11%	48,78%	49,41%	40,70%	57,73%

INFORME TAXA DE RENDEMENTO POR CURSO ACADÉMICO (Nº créditos superados por Nº créditos matriculados)

2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
51,52%	40,40%	37,50%	31,53%	45,16%

Por outra banda, segundo os informes consultados da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC a *Taxa de éxito* e a *Taxa de rendemento* para o Grao é a seguinte:

Taxa de éxito

RUCT/Plan	Título	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
	Grao	84,29	87,00	87,53	85,13	87,29	85,06

Taxa de rendemento

RUCT/Plan	Título	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
	Grao	77,26	78,95	79,60	73,81	80,72	79,14

Así pois, á vista dos anteriores informes pode apreciarse que se está a producir nesa disciplina unha desviación significativa por defecto no rendemento académico respecto da media resultante para a titulación do Grao.

Polo que dou traslado dos presentes datos para a súa análise pola Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa e recomendo que se leven a cabo as actuacións previstas para estas situacións conforme ao establecido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, en concreto no *Art. 10 Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno*.

En relación coa anterior recomendación dende o Centro infórmannos das seguintes actuacións:

Con data de 7 de xaneiro de 2020, a Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa (CODIE), solicita á Comisión do Título de Grao que realice unha análise e faga unha proposta de actuacións en relación á queixa nº 1903/03. Dende o decanato da Facultade, e previamente á reunión da comisión de título, procédese a unha análise pormenorizada do rendemento da materia, así como das demais materias da titulación, e o fai seguindo o procedemento de boas prácticas aplicado para tal fin na facultade, de cara a elaboración dun informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente. Este proceso está sen finalizar xa que a situación de confinamento que tivo lugar ao final do curso 2019-20 non se considerou a máis acaída para a reunión da comisión de título onde tratar este tema. Posto en marcha o curso 2020-21, dende o decanato da Facultade estase a retomar o tema.

Q 1903/04

Queixa presentada por unha alumna e referida ao procedemento de concesión e publicación dos destinos da *Convocatoria de Mobilidade por Convenio Bilateral*.

No informe solicitado ao Sr. xefe do Servizo de Relacións Exteriores, xustificaba o seguinte:

“O 8 de Febreiro publicouse a Resolución coa asignación de destinos provisionais da Convocatoria de Mobilidade por Convenio Bilateral 19/20, con prazo de emendas e Reclamacións ata o 22 de Febreiro. Durante ese período non se recibiu ningunha reclamación de no SRE, unicamente un correo electrónico o 14 de Febreiro preguntando cando se resolverían as Reclamacións. Non recibimos reclamación nin por correo electrónico nin por Rexistro da USC.

O 28 de Febreiro publicouse a listaxe definitiva dos destinos asignados. O 1 de Marzo a alumna presentouse na oficina do SRE para indagar porqué non estaba a súa queixa entre as respondidas. Comprobamos que non se recibira por correo electrónico, como ela afirmaba tela enviado. De tódolos xeitos atendendo a súa petición aínda fóra de prazo realizamos unha comprobación das asignacións e efectivamente houbera un erro ao non darlle a ela unha praza na Pontificia Universidade Católica de Chile (PUCC).

Reunida a Comisión de asignacións para tratar este asunto o 5 de Marzo decidiu evitar prexuízos sobrevenidos a estudante que xa obtivera praza con nota inferior a desta estudante para esa Universidade (dereitos consolidados) polo que procedemos a solicitar á PUCC prazas extra como medida excepcional correctora.

O 11 de Marzo obtivemos resposta positiva da PUCC e a comunicamos á alumna, que aceptou a nova asignación de praza por escrito o 13 de Marzo.

Polo tanto no transcurso de apenas unha semana dende que se tivo coñecemento do erro conseguiuase a aplicouse unha solución satisfactoria para tódalas partes.

Ademais a Comisión acordou facer a consulta ao Responsable de protección de datos da USC para saber se en próximas convocatorias as notas medias do estudiantado poden ser publicadas. En función á súa resposta implementaremos modificacións na convocatoria.”

Q 1903/05

Escrito presentado por tres estudantes dun Grao en relación co desenvolvemento da docencia e o proceso de avaliación nunha materia.

No informe solicitado á Sra. coordinadora da materia, indicábase:

“1. Efectivamente el sábado 24 de noviembre de 2018 a las 9 horas estaban convocados los alumnos de la materia para la realización de la prueba escrita, según convocatoria publicada en la web de la Facultad, en el documento de calendario y horarios para el curso académico 2018-2019.

2. La prueba escrita consta de tres partes, cada una de ellas relativa a las áreas de conocimiento implicadas en la impartición de la materia.

3. Por un desgraciado error de agenda, ese día ningún profesor de las áreas de conocimiento acudió a la realización de la evaluación.

4. Alumnos con la función de delegados fueron recibidos esa misma mañana por el Sr. Decano, quien después de pedirles disculpas y darle las explicaciones oportunas, los emplazó a una reunión con la coordinadora de la materia para buscar la mejor solución posible.

5. Tanto la coordinadora de 2º Curso, como la Profª coordinadora de la materia, tuvieron varias conversaciones con los alumnos delegados, y tras acuerdo con sus compañeros, llegaron a una solución satisfactoria, con ponderación entre las partes de la evaluación, como así indican los alumnos en su escrito.

6. Así mismo, se les propuso a los delegados de los alumnos, la posibilidad de convocar una reunión con los profesores y todos los alumnos, en la que se les informaría de lo acontecido y se les explicaría la solución propuesta. Los alumnos tras ser informados por los delegados, comunicaron que ya no era necesaria dicha reunión al solucionarse positivamente el desafortunado incidente.

Por todo ello, queremos una vez más pedir disculpas a los alumnos por los inconvenientes que este suceso, accidental y desafortunado, haya podido ocasionarles. Destacar que a lo largo de todos los cursos en que se ha desarrollado esta materia, tanto en la Licenciatura como en el Grado, es la primera vez que algo así sucede, y sin ninguna duda, pondremos en marcha todos los mecanismos necesarios para que esto no vuelva a acontecer.”

Q 1904/01

Foi presentado un escrito por un estudante en calidade de presidente da Delegación do Alumnado dun centro no que manifestan “a vulneración de forma tácita e continua dos dereitos do alumnado” no proceso de avaliación dunha materia.

Solicitouse un informe á Sra. decana do centro, no que indicaba:

“Con data 29/04/2019 puxemos en coñecemento da recepción do devandito escrito ao profesor, ao Coordinador de 4º curso e á dirección do Departamento. Todos eles eran conscientes da existencia do problema xa que houbo unha conversa sobre a mesma temática nos meses de xaneiro/febreiro unha vez coñecidos os feitos a través do alumnado.

O decanato mantivo de novo conversas cos dous profesores implicados na materia para darlles a oportunidade de aclarar o acontecido.

Solicitouse ao profesor un informe razoado sobre o contido da queixa. Neste informe o profesor da resposta a cada un dos puntos expostos na queixa.

A vista de todo o anterior, o decanato conclúe que:

Os cambios introducidos no sistema de avaliación, aos que fan referencia continua os alumnos no escrito de queixa, obedecen á intención de reconducir un sistema de avaliación continua tremendamente ambicioso que esixía excesiva dedicación por parte do alumnado e por parte do profesorado pero que non foi adecuadamente explicado ao alumnado xerando confusión e incerteza.

Os retrasos e incumprimentos na publicación das cualificacións e no peche de actas foron mal xestionados polo profesorado da materia que, en canto sospeitaron que ameazaba un retraso, deberían telo posto en coñecemento do decanato e do propio alumnado.

Dado que este é o último curso no que o profesor imparte docencia no Grao por acadar proximamente a situación de xubilación e, que a materia vai ser impartida integramente por novo profesorado, o decanato acordou co profesorado actual ser rigorosos e puntuais á hora de avaliar e publicar as cualificacións, respectivamente, correspondentes á segunda oportunidade. Ao mesmo tempo, aproveitando o proceso de elaboración das programacións docentes do vindeiro curso, se insta ao departamento a que revise os sistemas de avaliación continua.”

Q 1904/02

Foi presentado un escrito por un estudante manifestando a súa desconformidade con distintos aspectos do desenvolvemento da docencia e avaliación nunha materia dun máster.

Solicitado o oportuno informe ao decano do centro, remite e fai propio o indicado polo Sr. coordinador do máster que detalla todas as informacións solicitadas polo alumno así como as actuacións efectuadas.

Q 1904/03

Foi presentado un escrito por unha alumna dun grao en relación coa modificación da data publicada para a defensa dos TFG para o curso 2018/2019 na oportunidade de xullo sen informar ao alumnado do cambio efectuado.

No informe solicitado o Sr. decano, xustificaba o seguinte:

“ANTECEDENTES

O TFG do Grao é unha materia obrigatoria na que os alumnos deben presentar e defender un traballo elaborado por eles mesmos (asesorados por un ou dous titores) diante dun tribunal formado por tres membros. Como a presentación e defensa só poden facela cando teñan aprobadas a totalidade das materias do grao, é preciso que tódolos profesores teñan pechadas as actas das materias (respectando sempre o prazo de revisión de exames), en caso contrario non pode xerarse a acta individualizada de cada alumno. A xestión é polo tanto complicada, particularmente na oportunidade de xullo, que é ademais a que escollen a maior parte dos estudantes do Grao.

A materia TFG, que podería considerarse relativamente recente, ten matriculados este curso 156 alumnos que van ser avaliados por 8 tribunais. Este importante número de estudantes foi crecendo desde a súa implantación e por agora é imprevisible. Un exemplo diso, aconteceu este curso académico para o que se ofertaron 120 traballos e foron 118 os estudantes que elixiron na asignación de setembro (30 máis que o curso anterior), o que obrigou a facer unha nova proposta de TFGs para a asignación de febreiro.

O calendario asociado á materia TFG decídese e aproba nunha Xunta de Facultade (seguindo os prazos establecidos no calendario académico de cada curso). Neste recóllese, entre outras, as datas dispoñibles para a defensa das tres oportunidades (febreiro, xullo e setembro). Os alumnos que optan por cada oportunidade, depositan os seus traballos seguindo o calendario aprobado, e estes son asignados a cada tribunal (evitando sempre aos seus titores) mediante un sorteo. Cada tribunal decidirá, de entre as datas propostas, que día e en que horario vai actuar (en xullo adoita ser durante todo o día, polo volume de traballos que se presentan).

Todo este procedemento está descrito na normativa da materia e é coñecido pola totalidade dos alumnos desta materia, aos que tamén se informa nunha reunión específica durante o primeiro semestre do seu último curso académico.

O calendario da materia TFG deste curso 2018/2019 aprobouse nunha xunta de facultade celebrada o 22 de marzo de 2018 (cando aínda non defenderan o TFG os alumnos do curso 17/18, nin en xullo nin en setembro). A experiencia da oportunidade de xullo do curso pasado (17/18) levounos a expor á Xunta de Facultade a necesidade de atrasar as datas, inicialmente programadas para os días 15, 16 e 17 de xullo de 2019 (e publicadas na páxina web da facultade en xuño de 2018). Así se decidiu nunha xunta de facultade, celebrada o 18 de decembro de 2018, que aprobou por unanimidade atrasalas para o venres 19 e luns 22 de xullo. Desta maneira, conseguíase tempo suficiente para asegurar que os estudantes que queiran defender o TFG en xullo cumpran os requisitos académicos, xa que os profesores poderían corrixir, revisar e cubrir as actas. As novas datas publicáronse na páxina web da facultade unha vez que se recibiu a autorización da Secretaria Xeral (a mediados de febreiro deste ano).

Esta última información, relacionada co cambio do calendario da materia durante o actual curso académico, envióselle aos 5 estudantes que quixeron coñecer as razóns do mesmo (incluída a persoa que presenta a queixa). A materia TFG ten unha xestión particular e unha normativa específica que non contempla este tipo de excepcionalidades, e sempre son os tribunais os que deciden a data da súa actuación de entre as que a xunta de facultade decide e aproba.

FEITOS:

- O calendario inicial da materia TFG publicouse en xuño de 2018, por tanto non foi fai mais dun ano.
- As datas de defensa para a oportunidade de xullo atrasáronse ao 19 e 22 de xullo, por tanto dous días e non mais dunha semana.
- A esta persoa indicóuselle que aínda dispón de dúas oportunidades para elixir, nunca que debía presentarse na oportunidade de setembro.
- As novas datas de defensa dos TFGs publicáronse na páxina web da facultade a mediados de febreiro do presente ano (unha vez que se obtivo a obrigatoria aprobación da Secretaria Xeral), por tanto se deu publicidade.

Tamén nos gustaría recalcar o que segue:

- O motivo do cambio de datas foi sempre favorecer a todos os alumnos da materia, permitíndolles optar pola oportunidade de xullo, aínda que teñan suspendida algunha materia que deban aprobar en segunda oportunidade.
- De entre as datas decididas e aprobadas pola Xunta de Facultade para a defensa dos TFGs, son os tribunais os que deciden cando van avaliar aos estudantes que lles son asignados mediante sorteo.
- Todos os pasos que se deron seguiron sempre os procedementos habilitados pola USC.”

Q 1904/04 - Recomendación

Recomendación dos valedores universitarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG) sobre o traslado das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario:

CONTEXTO NORMATIVO

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recolle que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes a dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación proclamados na Constitución española, e sinala que estes mesmos poderes públicos teñen, conforme ao disposto no seu artigo 9.2, a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos ditos dereitos, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude.

Lamentablemente para as vítimas de violencia de xénero, a única solución eficaz en moitos casos é poñer terra de por medio. A pesares dos case tres lustros que teñen transcorrido xa desde a promulgación da LO 1/2004, o desamparo en que se encontran as vítimas de violencia de xénero segue a ser a norma nas universidades españolas. A falla dunha regulamentación específica que considere o traslado entre universidades das vítimas de violencia de xénero fai inviable a inmediatez e a adecuación do destino, tan necesarios para fuxir do acoso e atenuar, na medida do posible, o desarraigo que se produce co traslado.

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, recolle explicitamente que as mulleres vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o posto de traballo na localidade en que viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional (artigo 82).

A Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero, considera a Mobilidade das empregadas públicas procedentes doutras Administracións públicas para incorporarse ao ámbito da Administración Xeral do Estado (artigo 7.1).

A Resolución do 16 de novembro de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Administración Pública, pola que se aproba o Acordo para favorecer a mobilidade interadministrativa das empregadas públicas vítimas de

violencia de xénero, vén finalmente a completar o marco legislativo xeral para o traslado das vítimas entre todas as Administracións Públicas, en termos de reciprocidade.

TRASLADO ENTRE UNIVERSIDADES

Cando as vítimas de violencia de xénero forman parte do cadro de persoal dunha Universidade, o seu traslado ten moi difícil encaixe mentres as barreiras derivadas da autonomía universitaria non se fagan totalmente permeables a esta cuestión e se realicen os axustes normativos que se precisan. É de vital importancia que ao desarraigo que sofre a vítima por ter que cambiar de localidade xeográfica non se lle sume unha mala acollida no seu novo entorno laboral por truncar lexítimas expectativas de consolidación ou de mellora do persoal da universidade de destino.

Debido á natureza e funcións propias do traballo que desenvolve, a cuestión resulta especialmente dificultosa no caso do PDI, sobre todo naquelas áreas de coñecemento que contan con pouco profesorado na universidade de destino. A día de hoxe, o traslado das profesoras vítimas de violencia de xénero entre universidades, e máis aínda entre universidades de distintos sistemas universitarios -única vía en moitos casos para poñer a necesaria distancia de por medio-, convértese, no mellor dos casos, nunha tarefa ardua, moi lenta e con serias dificultades para garantir o indispensable sixilo requirido.

O deostado Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, adoece da flexibilidade necesaria para que as universidades poidan dar fácil acomodo ás profesoras vítimas de violencia de xénero entre o persoal dos departamentos, sen ter que acudir aos voluntarismos. A previsión e provisión de recursos adicionais para atender a estas situacións, unha maior flexibilidade na dedicación do profesorado afectado (maior ou menor dedicación á docencia, á investigación ou á difusión do coñecemento) e ata un posible incremento na oferta de optatividade nos plans de estudio, son medidas que facilitarían enormemente a acollida e a integración das vítimas no seu novo destino.

De igual modo que no caso do persoal, ás estudantes vítimas de violencia de xénero debe achandárselles totalmente o camiño para que poidan trasladarse a outra universidade de maneira inmediata e en calquera momento do curso, dispoñendo das axudas que precisen (aloxamento, axudas sociais, ...) para poder continuar cos seus estudos. A supresión das barreiras relativas ao número mínimo de créditos superados ou ás porcentaxes de admisión en caso de traslado debería ser explicitamente recoñecida.

RECOMENDACIÓN

Tras debater conxuntamente a cuestión coas responsables das unidades de igualdade das tres universidades, e no convencemento de que facilitar o traslado das vítimas de violencia de xénero en caso necesario, sexa cal for o colectivo ao que pertencen, debe ser unha cuestión prioritaria das universidades, como administracións públicas responsables e de vangarda, os valedores universitarios das tres universidades galegas recomendamos aos nosos reitores que se impliquen activamente nesta problemática, procurando unha decidida actuación da CRUE para que, a través do Consello de Universidades ou por calquera outra vía que se estime oportuno, se impulse a aprobación urxente dunha normativa que permita unha mobilidade áxil, eficaz e o menos traumática posible das vítimas de violencia de xénero no ámbito universitario, rompendo coas actuais barreiras que o impiden. A implicación do Consello Galego de Universidades podería igualmente sumar neste proceso de impulso e, particularmente, na resolución de cuestións que puideran afectar de maneira específica ao SUG.

Q 1904/05

Presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos no que manifestaba a súa desconformidade coa falla de resposta a un recurso de reposición que tiña interposto dentro dun procedemento para a provisión en comisión de servizos dun posto.

Solicitado informe, o Sr. xerente da Universidade de Santiago de Compostela indica o seguinte:

1. O 8 de febreiro publicouse a resolución pola que se convocaba a provisión da Xefatura de servizo mediante comisión de servizos.
2. De conformidade coa resolución da Xerencia do 26 de decembro de 2018 pola que se establece o procedemento de adxudicación de comisións de servizo, publicouse a resolución da listaxe de persoas admitidas e excluídas para a provisión do posto ofertado.
3. A resolución mencionada establece un pé de recurso nos seguintes termos:

“Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo citado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O 26 de febreiro de 2019 D. presentou un recurso potestativo de reposición contra a relación de admitidos e excluídos publicada.
5. O 11 de marzo de 2019 a comisión de selección realizou a convocatoria da entrevista para o día 14 de marzo de 2019, de conformidade coa Resolución da Xerencia do 26 de decembro de 2018 pola que se establece o procedemento de adxudicación de comisións de servizo.
6. O 14 de marzo de 2019 a comisión mencionada acordou a selección dunha persoa aspirante e presentou o informe motivado para a súa proposta.
7. O 15 de marzo de 2019 a Xerencia publicou a resolución de adxudicación, xunto coa proposta da comisión de selección.

CONSIDERACIÓNS

1. O artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que:

“1. Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2. *Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”*

2. Así mesmo, o artigo 124 da mencionada lei establece que:

“Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. “

3. Pola súa banda, o artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que:

“O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivera como consecuencia que se transferiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

O sentido do silencio tamén será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados”.

4. Así mesmo, o apartado 4 do mesmo artigo 24 citado establece que:

“Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Os mesmos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que se tivese expedido, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en Dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido. Este certificado expedirase de oficio polo órgano competente para resolver no prazo de quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento. Sen prexuízo do anterior, o interesado poderá pedilo en calquera momento, computándose o prazo indicado anteriormente desde o día seguinte a aquel en que a petición tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para resolver.”

5. A primeira formulación xeral da doutrina do silencio administrativo plasmouse no artigo da Lei da xurisdición contencioso administrativa de 1956, pasando posteriormente a regularse na Lei de procedemento administrativo do ano 1958. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, foi modificada en materia de silencio administrativo pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Na exposición de motivos desta última, en relación co silencio administrativo, afirmase o seguinte:

“Non podemos esquecer que cando se regula o silencio, en realidade estase tratando de establecer medidas preventivas contra patoloxías do procedemento alleas ao correcto funcionamento da Administración que deseña a propia Lei. Pois ben, esta situación de falta de resposta pola Administración – sempre indesexable– nunca pode causar prexuízos innecesarios ao cidadán, senón que, equilibrando os intereses en presenza, normalmente debe facer valer o interese de quen cumpriu correctamente coas obrigacións legalmente impostas”.

6. Así mesmo, en relación coa indefensión dos interesados nos procedementos administrativos, existe numerosa xurisprudencia ao respecto, entre ela a ditada polo Tribunal Constitucional en casos nos por silencio administrativo resultaban afectados dereitos fundamentais. Así se argumenta no fundamento xurídico terceiro da STC 175/2008, do 22 de decembro (Sala Primeira. rec. amparo 3389/2005) o seguinte:

“[O] silencio administrativo negativo é simplemente unha ficción legal que responde á finalidade de que o administrado poda acceder á vía xudicial superando os efectos da inactividade da Administración; (...) fronte ás desestimacións por silencio, o cidadán non pode estar obrigado a recorrer sempre e en todo caso, so pretexto de converter a súa inactividade en consentimento do acto presunto, impoñéndolle un deber de dilixencia que, non obstante, non lle é esixible á Administración no cumprimento do seu deber legal de ditar resolución expresa en todos os procedementos (...) [Deducir dese comportamento pasivo do interesado o seu consentimento co contido dun acto administrativo presunto, en realidade nunca producido, supón unha interpretación que non pode cualificarse de razoable –e menos aínda, con arranxo ao principio pro actione, de máis favorable á efectividade do dereito fundamental do art. 24.1 CE–, ao primar inxustificadamente a inactividade da Administración, colocándoa en mellor situación que se cumprixe co seu deber de ditar e notificar a correspondente resolución expresa”.

Q 1904/06

Análoga á queixa *Q 1903/01*

Q 1904/07

Un estudante de doutoramento presenta un escrito no que, en resume, manifesta que se está a producir unha longa demora no establecemento dun convenio entre a USC e a Fundación ONCE, o que lle impide gozar dunha bolsa desta institución que ten concedida dende o 13 de novembro de 2018.

Solicitouse informe ao Servizo de Participación e Integración Universitaria que expón como motivo da demora a falla de coordinación nos trámites por parte da Fundación ONCE e a USC. Fanse xestións diante da Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos para imprimir celeridade ao proceso e un final satisfactorio para o estudante.

Q 1905/01

Foi presentada por un usuario da Piscina Universitaria no que expón un incidente acontecido con outros usuarios nesa dependencia e indicando que deu traslado dos feitos mediante varias comunicacións ao Servizo correspondente, sen que teña recibido resposta.

Solicitado informe o Sr. director do Servizo de Deportes, indica que con posterioridade á presentación da queixa ten dirixido ao presentador un correo-e no que, entre outras cuestións, lle expoñía:

1. este Servizo condena enérgicamente, no permite ni tolera y mucho menos justifica, este tipo de comportamientos en sus instalaciones deportivas, sean quienes sean las personas usuarias involucradas en este o en cualquier otro incidente similar,
2. existen diferencias entre las versiones del suceso facilitadas a este Servizo,
3. este Servizo reconoce que el socorrista presente en esos momentos no actuó con la suficiente diligencia ni la contundencia necesaria, cuando se dio cuenta de la discusión, para atajar la situación que se estaba produciendo,
4. este Servizo en el ejercicio de sus competencias ha apercibido a dichos usuarios,
5. por el bien de todos, solicitamos a ambas partes que extremen el cumplimiento de la normativa de uso de la instalación, que en caso de conflicto se dirijan inmediatamente al socorrista y que no se contribuya a generar malestar ni situaciones incómodas tanto para los afectados como para el resto de las personas usuarias presentes.

Q 1905/02

Presentado un escrito por 57 colexiais dun Colexio Maior no que manifestan a súa desconformidade co peche de ditas instalacións nos meses de xullo e agosto, sendo o único do S.U.R. que pecharía no mes de xullo cando aínda existe actividade académica.

O Sr. vicerreitor de Estudantes e Internacionalización xustificaba o seguinte:

O peche programado de residencias e colexios durante o período estival foi autorizado polo Consello de Goberno e polo Consello Social da USC como unha medida orientada a racionalizar o uso de SUR e á optimizar os recursos existentes, así como facilitar a realización as labores de saneamento e/ou reforma (no mes de xullo tense pensado pintar espazos interiores) que se podan levar a cabo, e sempre respectando a normativa vixente.

O punto da Convocatoria ao que se fai referencia no escrito presentado polos colexiais/colexialas non é de aplicación, xa que a duración da estadía na convocatoria ordinaria remata o día 4 de xuño, xusto cando comeza a convocatoria de verán, e non o 31 de agosto. Polo tanto, tan solo é posible esixir o cumprimento dos diferentes aspectos contemplados na convocatoria ordinaria dentro do período de duración de dita convocatoria. Nos artigos da normativa que se citan a continuación queda claro que o prazo de aloxamento durante o curso académico é de nove meses, dende setembro a xuño, e que a partir dese momento, o dispoñer dunha praza nunha residencia está regulado por outra convocatoria, a de verán.

A fin de facilitar a permanencia do seu estudantado no SUR fora do período contemplado na convocatoria ordinaria, a USC abre unha nova convocatoria verán para o período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, na que non se establece, en ningún momento, o compromiso de manter o mesmo aloxamento que houbese (de ser o caso) na convocatoria ordinaria. Aínda así, trátase de manter ao estudantado na súa residencia sempre que sexa posible ou, de non ser así, de buscar a solución máis axeitada, procurando producir o menor grado de molestia posible e respectando, en calquera caso, que as condicións de aloxamento sexan as adecuadas.

Este peche programado de residencias vense realizando tódolos anos de forma habitual, aínda que afectando a diferentes centros é en distintos períodos, dependendo da situación de cada centro e das necesidades do SUR.

En resumo, o CM pecha todos os veráns no mes de agosto. A decisión de ampliar o peche no mes de xullo foi tomada por razóns tanto económicas como operativas (como se fai en tódolos centros), pensando na optimización de recursos e na realización de labores que non se poden realizar cos usuarios/as nas instalacións (pintar). O feito de ter residencias abertas con unha baixa ocupación obriga a unha serie de gastos que se poden evitar agrupando ao alumnado. O peche de residencias facilita a realización de certas labores de mantemento que resultan moi complexas de planificar e realizar coas residencias abertas. Débese ter en conta que o aforro que se consegue co peche planificado de residencias se utiliza en beneficio do SUR, maiormente para acometer reformas de modo que, o interese colectivo é o uso racional dos recursos debe predominar sobre a posible incomodidade que poida ocasionar un traslado.

NORMATIVA REGULADORA

- Regulamento do Servizo Universitario de Residencias da Universidade de Santiago de Compostela

Artigo 4 Dereitos

Recoñécense como dereitos dos residente e colexiais/colexialas: o aloxamento durante o curso académico (.....)

Artigo 12 Convocatoria estival

Dado que o prazo de vixencia do aloxamento ofertado na convocatoria se circunscribe ao período abranguido entre SETEMBRO E XUÑO, ou outro que se estableza na convocatoria, o/a vicerreitor/a poderá efectuar, na medida en que o permitan as dispoñibilidades, unha convocatoria de prazas especial e independente para os meses de verán.

- Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias da USC para o curso 2018/19

16. Duración da estadía

Os/as residentes/colexiais deberán ocupar a súa praza e aboar o importe correspondente ao aloxamento durante todo o curso académico 2018-2019. Poderán ocupar a súa praza dende o 5 de setembro, e unha vez rematados os 9 meses de aloxamento desta convocatoria, os/as residentes/colexiais que desexen

continuar no SUR deberán solicitalo e aboar o importe correspondente. (Aclaración: os nove meses rematan o 4 de xuño de 2019)

- Convocatoria de prazas de aloxamento do servizo universitario de residencias da Universidade de Santiago de Compostela, para membros da comunidade universitaria ou alumnado da universidade de verán 2019, durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto de 2019

Centros de aloxamento

1. Os aloxamentos que se ofertan son: en Santiago de Compostela as Residencias Universitarias Burgo das Nacións e Monte da Condesa (permanecerá pechada en agosto), e os Colexios Maiores Fonseca, Rodríguez Cadarso (pechado en agosto) e San Clemente (pechado en xullo e agosto), e en Lugo, a Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay (permanecerá pechada en agosto).

As persoas que foron colexiais ou residentes da convocatoria ordinaria ata o final da convocatoria do curso 2018-2019, poderán aloxarse no centro no que estiveron aloxados durante o curso académico (excepto no caso do C.M. San Clemente, que serán aloxados nun dos outros dous colexios), en función da dispoñibilidade dos mesmos.

Por outra parte, no Calendario académico para o curso 2018-2019 aprobado pro Consello de Goberno o día 5 de marzo de 2018 e modificado polo mesmo órgano o día 20 de marzo, se establece que o período de peche de actas dos exames do segundo período remata o 20 de xuño.

Neste punto é necesario aclarar que das 76 persoas que hai durante o curso neste Colexio teñen solicitada ampliación para o mes de xullo 19, (o curso pasado o total foi de 37 solicitudes).

Q 1905/03

Foi presentado un escrito solicitando amparo por un grupo de profesores dunha facultade pertencentes a unha área de coñecemento no que poñen de manifesto unha problemática xurdida na área, e referida á composición dunha comisión xulgadora dunha praza de profesorado.

Solicitouse un informe á Secretaría Xeral no que daba conta do cronograma de todo o procedemento e as actuacións realizadas que finalmente derivaron na xurisdición ordinaria o que deu lugar á inhibición establecida no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Q 1905/04

Unha profesora presenta un escrito dando conta dos feitos acontecidos cun alumno durante o proceso de revisión dun exame.

Solicitada información ao respecto á Facultade, informan que teñen trasladado o escrito da profesora á Reitoría aos efectos oportunos. Por iso, solicítase da Secretaría Xeral informe en relación as actuacións que se leven a cabo, indicando:

“.../

6. Por Resolución Reitoral do 25 de xuño de 2019 resolveuse incoar expediente ao alumno, concedéndolle un prazo de dez días para realizar alegacións.

7. Con data 1 de xullo de 2019, o alumno presenta escrito de alegacións no que solicita que se archive o expediente sancionador.

8. Por Resolución Reitoral do 17 de xullo de 2019 o alumno foi considerado como autor dunha falta leve e sancionado en consecuencia.

9. O interesado presentou recurso contra esta resolución que foi desestimado por resolución reitoral do 24 de setembro de 2019.”

Q 1906/01

Foi presentado un escrito por un alumno de Grao referido ao desenvolvemento de distintos aspectos da docencia nunha materia.

A Sra. decana da Facultade envía un profuso informe, no que entre outras cuestións indicaba o seguinte:

“.../

Dende o momento da presentación da queixa este decanato seguiu un escrupuloso procedemento para tratar de coñecer a realidade dos feitos manifestados polos estudantes asinantes da queixa. Tal como se relata detalladamente nos feitos seguíronse actuacións conducentes a detectar e corrixir as posibles deficiencias existentes na materia. Dende o momento en que se tivo coñecemento da queixa, este decanato, en colaboración co Dpto., e a Comisión académica de Grao, está a realizar un seguimento da docencia na materia cos seguintes obxectivos:

- Garantir que o alumnado reciba unha formación e unha docencia cualificada e actualizada, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos pedagóxicos. Estatuto do estudantado da universidade de Santiago de Compostela (Claustro do 12 de decembro de 1998).
- Garantir o dereito á liberdade de cátedra do profesorado. Art. 33.2 da Lei Orgánica de Universidades establece: “La docencia es un derecho y un deber de los profesores de las Universidades que ejercerán con libertad de cátedra, sin más límites que los establecidos en la Constitución y en las leyes y los derivados de la organización de las enseñanzas en sus Universidades”.

Á vista do detallado informe remitido pola Sra. decana pódese concluír que se teñen levado a cabo amplas actuacións co fin de resolver as problemáticas máis determinantes da queixa. Por iso, comunicóuselle ao presentador da queixa o remate da tramitación da mesma e o seu arquivo.

Q 1906/02

Foron presentados escritos por persoal da USC: P.D.I. e P.A.S. que desenvolven o seu traballo no edificio dunha Facultade manifestando a falla de información sobre as medicións de gas radón efectuadas en dito edificio e a inxenuidade que lles produce o non coñecer os posibles riscos do seu posto de traballo.

A Sra. vicexerenta de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica indica, no informe solicitado, o seguinte:

1. A Universidade de Santiago de Compostela encargou no ano 2017 un estudo de medición do nivel de concentración de gas radon nalgúns edificios situados no casco histórico entre os que estaban a Facultade.

2. O resultado desas medicións ao longo do ano 2017 deron lugar ao encargo dun estudo técnico aos expertos do CSIC do Instituto de Ciencias de la Construcción “Eduardo Torroja ” que se entregou á anterior Xerencia en maio de 2018. Paralelamente continuaron as medicións do nivel de concentración elaboradas polo Laboratorio de Radon de Galicia.

3. O estudo técnico proporcionado polo Instituto mencionado propoñía unha serie de medidas para tratar de reducir a concentración que debían poñerse en práctica que requiren realizar novas medicións unha vez rematadas. Os traballos na Facultade, dadas as características do edificio, baseáronse na despresurización do subsolo mediante a construción de seis arquetas soterradas, de paredes permeables, conectadas por unhas conducións de evacuación tamén soterradas. Mediante este sistema, extraerase aire con grandes doses de radon do subsolo, enviándoo á atmosfera fóra do edificio, a través de dúas chemineas, antes de que poida atravesar a soleira e chegar aos locais habitados do edificio. Estes traballos remataron no mes de agosto de 2019.

4. Non obstante, logo da demanda por parte de varios traballadores, a Xerencia procedeu a facer unha rolda de encontros co persoal dos centros do casco histórico onde se expuxo por parte de persoal experto información xeral relativa ao gas radon, os resultados das medicións neses edificios e as medidas que se estaban adoptando. Concretamente na Facultade este encontro, cunha gran participación, tivo lugar o 24 de abril de 2019.

5. O 27 de novembro de 2019 remitiuse a toda a comunidade universitaria un folleto informativo sobre o gas radón con hábitos recomendables para os centros de traballo.

6. Logo do remate das obras mencionadas no punto 3, realizouse unha nova medición da concentración de gas radon que se trasladou ao decanato en decembro de 2019. Os resultados, se ben positivos, son mellorables polo que están valorando novas actuacións das propostas no estudo técnico mentres continúan as medicións periódicas.

Q 1906/03

Análoga á queixa *Q1906/02*

Q 1906/04

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador en relación co funcionamento do programa de rexistro horario Evalos8Empleados v2.0.8, en concreto coa supresión das marcaxes efectuadas polo persoal integrante do P.D.I. en dita plataforma.

A Sra. vicexerenta de Persoal, Investigación e Planificación estratéxica envía informe aclaratorio no que indicaba:

En contestación ao seu escrito do día 11 de xuño de 2019, Exp. nº: Q 1906/04, no que se recolle unha queixa presentada por un membro do Persoal Docente e Investigador sobre o funcionamento do programa de rexistro horario Évalos8Empleados, e unha vez obtido informe do persoal responsable do funcionamento técnico do programa, trasládolle literalmente o recollido neste informe:

- “Non teño constancia de que se borrara ningún dato relacionado co rexistro da actividade docente nas datas que sinala o escrito do Valedor da Comunidade Universitaria nin que se dese ningunha orde para eliminar rexistros.

- O Persoal Docente e Investigador ten acceso a todas as marcaxes de rexistro da actividade docente que introduce na aplicación Évalos no apartado Consultas, listaxe PDIDOC - MARCAXES PDI, con independencia de se as introduce mediante a opción Marcaxes ou Marcaxes esquecidas.
- Sen coñecer a identidade da persoa á que se refiren as marcaxes non é posible comprobar se ten algunha dificultade particular para usar este informe nin comprobar en detalle as respostas dadas polo Centro de Atención aos/ás Usuarios/as da USC.”

Q 1906/05 - Recomendación

Actuación de oficio derivada dunha consulta efectuada por unha alumna en relación co dereito á realización dunha proba de avaliación en dúas materias nunha data distinta á data oficial establecida por estar hospitalizada e convalescente dunha enfermidade. A situación foi a seguinte:

A alumna como consecuencia dunha doenza estivo baixo ingreso hospitalario entre o 27 de maio e o 4 de xuño, e unha vez dada de alta no tratamento posterior incluíase un período de dez días de repouso absoluto e tres meses de repouso relativo. Tanto dentro do período de hospitalización como no consignado como de repouso absoluto a estudante tiña fixados os exames oficiais, dos cales ao primeiro non puido asistir ao estar no hospital e ao segundo acudiu cominada pola profesora a pesares de estar baixo tratamento de descanso absoluto, logo de que esta solicitara información sobre o proceder ao respecto desa Secretaría Xeral. Así pois, por parte do profesorado non se lle facilitou a posibilidade de realizar o exame da primeira oportunidade nunha data alternativa á data oficial á que non podía asistir por mor da súa convalecencia, documentada cos informes médicos pertinentes.

A descrición destes feitos pon de manifesto a necesidade de reiterar a recomendación que se tiña efectuado a esa Secretaría Xeral con data 22 de febreiro de 2016 por persistir a problemática da compatibilidade de obrigas académicas con situacións de enfermidade. Así na citada recomendación, que se acompaña, indicábase:

.../ **3º.- Situacións sobrevidas de enfermidade grave ou de tratamentos médicos inaprazables:**

Poden implicar a imposibilidade de realización dalgunhas actividades académicas ou mesmo dunha proba de avaliación na data oficialmente sinalada. A resolución destas situacións coa normativa actual non é homoxénea, quedando ao albur da discrecionalidade ou da perspectiva humana de quen teña que adoptar a decisión: profesorado, centro..., e que ás veces se constata carente de sensibilidade.

Cómpre aquí volver a citar o establecido nos nosos Estatutos:

Artigo 33 Son dereitos específicos do estudiantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

c) A adaptación das actividades docentes, así como das datas e mecanismos de avaliación, ás condicións ou circunstancias especiais en que se poida encontrar por discapacidade ou calquera outra que lle limite o exercicio dos seus dereitos académicos.

Así pois, recomendo que se adopten as medidas necesarias para dar efectivo cumprimento aos dereitos que xa se recoñecen nos textos normativos referidos nesta recomendación, adecuando as diferentes normativas específicas da USC (avaliación, asistencia, guías docentes...) para adaptalas tamén ás necesidades e demandas da sociedade actual, o que sen dúbida redundará nunha mellor prestación de servizos á mesma.

Seguindo o establecido no Estatuto do Valedor, en resposta á recomendación anterior, a Secretaría Xeral informou o seguinte:

“En relación ao expediente Q 1602/03, unha recomendación baseada nun conxunto de queixas presentadas polo alumnado da USC e relativas á conciliación da actividade académica coa actividade laboral, coa vida persoal e familiar, ou con outras situacións conectadas con problemas de saúde, médicos, etc., interesa indicarlle que a cuestión é certamente complexa e que hai a vontade de tratala no marco dunha norma ou protocolo sobre a asistencia ás aulas, o rendemento académico, os hábitos de conduta e outras vicisitudes da vida cotiá. Tal vontade esixe a intervención dos órganos de goberno da Universidade e o coñecemento da opinión da comunidade universitaria. Por todo iso, será mais acertado comezar por afrontar algún asunto puntual como a asistencia ás aulas ou a realización dos exames nos casos de problemas de saúde.”

A pesares do exposto no parágrafo anterior, conséntase por este Valedor que no curso académico 2018/2019 o problema obxecto daquela queixa tramitada de oficio non foi abordado no que se refire ao do dereito do alumnado á realización de exames nos casos de problemas de saúde, e o seu tratamento segue a ser discrecional e non homoxéneo por parte do profesorado.

Por iso, reitérolle dita recomendación no referido ao epígrafe 3º citado, xa que a pesares da boa acollida que tivera por parte da Secretaría Xeral da USC, é o único dos tres que queda sen solventar, pois as situacións relativas á conciliación da actividade académica coa laboral, vida persoal e familiar xa foron obxecto de regulamentación.

Posteriormente, a Secretaría Xeral comunica que a implementación efectiva do recollido nesta recomendación estará supeditada á aprobación do novo Estatuto do Estudiantado da USC.

Q 1906/06

No ano 2015 fora presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador no que manifestaba a súa desconformidade coa *Normativa sobre o criterio de antigüidade do PDI para efectos internos na USC*, en concreto co recollido no art. 4 que establece a prelación do profesorado que estea en posesión de acreditación, e cuestiona a conformidade do mesmo co establecido ao respecto nos Estatutos da USC. No escrito expoñía:

“A raíz de la aprobación del POD del dpto. me he encontrado que algunos compañeros, a la hora de establecer la prelación en la elección de materias, han esgrimido la normativa sobre el criterio de antigüedad aprobada en Consello de Goberno de 04/02/2015.

En concreto, esta norma, en su artículo cuarto, indica que *"Todos os membros de cada grupo e subapartado teñen a mesma prelación, agás o profesorado que estea en posesión de acreditación para o acceso aos corpos de catedrático/a de universidade ou de profesora titular de universidade, ou a categoría de profesor contratado, que non estea cubrindo praza nalgunha das categorías do grupo para o que estea acreditado. Os profesores/as que se atopen nesta situación, terán prelación interna sobre o resto do PDI do grupo ao que pertenzan, e entre eles ordenaranse atendendo ao nivel da categoría para a que estean acreditados."* Como bien sabrá, la acreditación es requisito indispensable para el acceso a determinadas categorías de profesorado y es un documento personal que la ANECA envía a los acreditados. No entiendo cómo puede considerarse la acreditación para una categoría superior como un mérito para avanzar en el orden de prelación dentro de una categoría.

Como bien establecen los estatutos de esta Universidad, los criterios de prelación son categoría, antigüedad y edad. No entiendo como entre dos titulares puede ser un criterio de prelación el disponer de acreditación para catedrático o entre dos contratados doctores, lo sea el tener la acreditación para titular. Disponer de acreditación es sólo un requisito para acceder a determinadas categorías pero en absoluto puede cambiar el orden de prelación dentro de una categoría. Por el mismo motivo ¿cualquier otro mérito personal puede cambiar también el orden de prelación? ¿Qué será mañana? Si uno dispone de esa acreditación que se presente a la plaza a la que le da acceso y si la gana, que cambie de categoría pero establecer criterios tan arbitrarios para determinar el orden de prelación es contrario a los estatutos de esta Universidad, que establece muy claramente cuáles son las categorías de profesorado."

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, trasladárase á Secretaría Xeral da USC e se mantivera unha reunión coa Sra. secretaria xeral na que manifestou a súa consideración da legalidade da normativa aprobada no Consello de Goberno de data 04/02/2015.

O profesor que tiña presentado a queixa volve a interesarse diante do Valedor pola problemática descrita, polo que parece oportuno unha análise da mesma para clarificar definitivamente se a normativa obxecto da queixa se adecúa ao establecido nos Estatutos da USC, en concreto ao indicado no *artigo 16* e na *Disposición adicional cuarta*.

Por iso, *doulle traslado á Secretaria Xeral para o oportuno ditame.*

Q 1906/07

Foi presentado un escrito por un membro do P.D.I. no que manifesta que se está a producir unha longa demora na resolución dunha asignación e distribución de equipos de investigación, o que lle está a ocasionar disfuncións na súa labor investigadora.

Solicitado o oportuno informe, o Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación indica o seguinte:

".../informalo de que a demora na resposta está xustificada en que un dos equipos que figuraban na relación de equipamento de investigación pendente de distribuír, o microcalorímetro diferencial de barrido, estaba avariado polo que solicitamos á casa comercial un presuposto para a súa reparación e, unha vez notificado hai uns días, decidimos non reparalo polo alto custo que supoñía. Por esta razón, procedemos ao reparto do equipamento restante a través dun acordo, co visto e prace desta Vicerreitoría, entre as dúas partes, que acompaño con este escrito"

Por iso, á vista do acordo acadado entre as partes inicialmente discrepantes, procedemos ao remate da tramitación da queixa e ao seu arquivo.

Q 1906/08

Foi presentado un escrito por un investigador predoutoral contratado con financiamento FPU, motivado pola falla de resposta a unha solicitude de información referida á *Normativa de Planificación Académica Anual*. En concreto, sobre a interpretación de que os investigadores con financiamento FPU poidan cotitorizar TFGs.

No informe solicitado, a Sra. vicerreitora de Organización Académica indica o seguinte:

"En relación coa queixa relativa ao expediente arriba citado, confirmamos a recepción da consulta no correo xeral do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica o 26 de marzo de 2019.

Esta consulta, xunto con varias similares realizadas desde os departamentos da Universidade, foi realizada a raíz da aprobación da Normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-20. Nesta Normativa incorporouse a posibilidade de que o persoal contratado predoutoral puidese cotitorizar TFG e TFM sempre que posúan unha titulación de máster ou unha titulación de nivel MECES 3, de forma similar ao establecido no Regulamento de matrícula, elaboración e defensa de TFG/TFM na USC.

Por parte da Vicerreitoría procedeuse a responder aos departamentos no sentido de que esta norma é de aplicación xeral para todos os contratados predoutorais, e que para a súa aplicación práctica deberían contemplarse os requisitos establecidos en cada convocatoria. No caso dos contratados predoutorais FPU a convocatoria indica expresamente que a colaboración docente debe realizarse exclusivamente en titulacións de grao, o que implica a exclusión da súa colaboración en TFM.

Así mesmo, por parte da Vicerreitoría tamén se aclarou que a autorización para cotitorizar TFG é compatible cos criterios establecidos polas convocatorias de FPU no senso de que os contratados predoutorais non poden ser responsables de materias. É dicir, poden colaborar nos TFG como cotitores, xa que existe un titor que será o responsable académico final do TFG (aprobación da liña de traballo, titorización, autorización da defensa, etc.).

Estes criterios tamén se aplican noutras universidades públicas (p.e.: U. Coruña, Universidade Complutense de Madrid,...). Comprobamos no noso arquivo que non se respondeu de forma individualizada ao interesado, polo que lle pedimos desculpas.

En todo caso, tamén informamos de que os departamentos non poderán incorporar profesorado ou persoal investigador no POD dos TFG para o curso 2019-20 ata a súa asignación definitiva (aprox. primeiro semestre do curso 2019-20); nestes momentos só poden facer unha estimación dos recursos necesarios en función das solicitudes dos centros."

Q 1906/09

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao motivado polo procedemento que ten establecido o centro para a tramitación do Traballo de Fin de Grao, que impide a súa tramitación telemática a través do sistema que se ten establecido na secretaría virtual da USC.

O Sr. director do centro indicaba o seguinte:

"1. Como non pode ser doutra maneira, a EPS de Enxeñaría recoñece a validade do procedemento establecido na secretaría virtual da USC para a presentación de propostas de TFG.

2. Na "*Normativa de TFG da titulación de grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural*" (aprobada pola Xunta de centro da EPS o 22 de maio de 2017 e posteriormente ratificada polo Consello de Goberno da USC) e publicada na web do centro:

http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo_Fin_de_Grao_MN.html se indica no seu artigo 6.- As propostas :

"6.3. A proposta presentarase na Secretaría do centro polo/a alumno/a, o/a titor/a, o/a coordinador do TFG. Tamén pode presentala outra persoa autorizada polo/a alumno/a coa devida acreditación...."

3. A proposta presentada polo alumno a través da aplicación telemática establecida na secretaría virtual da USC para a presentación de propostas de TFG realizouse fora de prazo para a convocatoria xullo 2019. A presentación foi con data 31 de maio, posterior a data límite do 15 de abril.

4. Toda esta información foi facilitada por escrito a través de correo electrónico ao alumno para que, no caso de querer defender o TFG na convocatoria de setembro, presente o antes posible a súa proposta na Secretaría do centro él mesmo ou a través do seu titor, do coordinador do TFG ou da persoa na que él delegue."

Feitas xestións con posterioridade ante a Dirección do centro, comunicou que:

En canto ao obxecto da queixa, a proposta de TFG presentada a través da aplicación telemática da USC foi reenviada polo coordinador do grao á Comisión de Título para que poda ser estudada e aprobada de cara a convocatoria de setembro de 2019. Esta tramitación faise independentemente do non cumprimento por D. da normativa do centro para a presentación de propostas de TFG a fin de non causar ningún prexuízo a este estudante. En todos os demais casos, os estudantes, incluíndo aqueles casos nos que se recorreu á aplicación telemática da USC, presentaron na Secretaría Académica do centro a documentación requirida.

En canto á aplicación telemática, indicar que a mesma está inhabilitada a día de hoxe polo Sxopra a causa dos problemas xerados.

Q 1906/10

Presentado un escrito polo Sr. director dun departamento e motivado polo procedemento establecido na Convocatoria de Bolsas de Colaboración e os exiguos prazos que concorren no mesmo.

Comúncaselle ao presentador da queixa que:

1º.- O Consello Social indica que con data 17 de xuño publicouse na páxina web do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da USC a asignación das bolsas, así como unha listaxe de prelación de, polo menos, un 10% máis para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos, resultando que da aplicación da mesma non se teñen producido vacantes.

2º.- E respecto aos prazos exiguos que concorren no citado procedemento, veñen condicionados polos establecidos na Convocatoria de ditas bolsas por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Q 1906/11

Foi presentado un escrito por alumnado que cursa un Dobre Grao motivado pola modificación dos planos de estudos e a incorporación da obriga de realizar dous TFG para poder obter o título.

Solicitáronse informes aos centros implicados no que se amosaba a dispoñibilidade a solucionar o problema, como efectivamente se fixo posteriormente.

Q 1907/01

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos motivado porque o horario flexible que se autoriza por circunstancias de conciliación da vida familiar e laboral (de 7:30 a 20:00h) é máis restritivo que o que se aplica na modalidade de flexibilización de xornada xeral (de 7:30 a 22:00h.)

No informe solicitado, o Sr. xerente da USC indica o seguinte:

1. O Acordo de Consello de Goberno de 29 de marzo de 2019 sobre a implantación da xornada de traballo de 35 horas e a flexibilidade horaria para o Persoal de Administración e Servizos establece no apartado 8, parágrafo terceiro, o seguinte en relación co horario flexible por razóns de conciliación da vida familiar e laboral:

“Dentro das 7.30 e as 20.00/22.00 horas, dependendo da quenda de traballo asignada e do horario de apertura do centro de traballo, fixarase en cada caso por pedimento da persoa interesada e con informe da persoa responsable da unidade administrativa á que pertenza, un horario diario de referencia dentro da marxe sinalada, na forma máis ampla posible que permitan as necesidades do servizo. Este horario poderá solicitarse de forma continua ou descontinua, sempre e cando se inclúa na marxe sinalada, así como de forma individualizada para cada día da semana”.

2. A amplitude da franxa horaria depende, polo tanto, da quenda do traballador e das circunstancias dos edificios onde o persoal susceptible de acollerse a esta medida preste os seus servizos. O Sr. ten asignada unha quenda de mañá, aplicándose neste caso o límite da franxa ata as 20 horas.

3. A información que manifesta o traballador non se axusta, polo tanto, ao acordado en Consello de Goberno. Así mesmo, non é posible a comparación entre a flexibilidade xeral que ten franxas horarias fixas que a persoa traballadora debe cumprir con carácter obrigatorio, coa flexibilidade por conciliación. No caso deste traballador o horario establecido de referencia na súa resolución de concesión (de 25 de xuño) fixouse entre as 7:30 e as 20:00 horas, sen franxas de cumprimento obrigatorio dispoñendo polo tanto da máxima amplitude posible, tal e como establece o acordo no apartado 8 para este tipo de flexibilidade.

4. Cómpre, non obstante, sinalar que a posibilidade de acollerse á xornada flexible está sempre condicionada polas necesidades do servizo tanto se é flexibilidade xeral ou por motivos de conciliación.

Q 1907/02

Presentada queixa referida a uns procesos selectivos de P.D.I.

Infórmase á presentadora que non se pode admitir a trámite como unha queixa por entender que do expresado na mesma non se aprecia que se estea a conculcar algún dos seus dereitos.

Neste sentido no referido ao primeiro proceso de selección se lle remite ao expresado na propia convocatoria do concurso e ao establecido no apartado 18.1.b do Regulamento de Selección de Profesorado non Permanente (Aprobado polo Consello de Goberno o 8 de abril de 2019):

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/profesorado/normativa/Regulamento-de-seleccion-de-PDI-non-permanente.pdf_asinado.pdf_.pdf

e concordar na valoración e información que se lle ten remitido dende o Servizo de Planificación de PDI pois o control do desenvolvemento do proceso e mais o principio de publicidade nun proceso de concorrencia competitiva non quedarían debidamente garantidos.

No que respecta ao outro proceso de selección solicitada información ao respecto no Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador infórmannos que xa ten remitida a *solicitud de emenda de cumprimento de requisitos xunto co título* e que a mesma se está a tramitar dentro do procedemento do concurso.

3.- CONCLUSIONES

Para este Valedor e unha satisfacción constatar, en xeral, o importante compromiso tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do establecido no artigo 11 do Estatuto do Valedor amosaron sempre unha actitude encomiable polo que é obrigado o meu recoñecemento. Especialmente quero sinalar a dispoñibilidade e dedicación dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar de solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso 2018-2019 recibíronse dúas solicitudes de intervención do Valedor en demanda de axuda para solucionar algún problema. O resultado destas actuacións foi dispar para estas persoas.

Por outra banda fixéronse, por parte de todos os estamentos da Universidade (aínda que sobre todo por parte do estudantado) e a través de distintos medios, 56 consultas solicitando información sobre temática moi variada que logo non remataron na presentación de queixas.

En canto as queixas recibidas, presentáronse un total de 65. Destas, houbo 3 que non foron admitidas a trámite ben por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, ser presentadas sen a debida identificación do seu presentador ou por estar suxeitas a algún procedemento dos descritos no apartado 4 do artigo 10 do Estatuto do Valedor.

Na páxina 70 desta memoria preséntase, seguindo o procedemento de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, clasificadas por temas. Esta é unha catalogación estándar empregada en moitas das Defensorías Universitarias. Porén é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois, o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular. Como se pode observar hai 6 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen algo máis do 60% (64,62%). De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1.- **Avaliación académica.** . Un curso máis, aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións de avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no

número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas). Destaca a problemática referida á avaliación e o procedemento de revisión que se recolle en 4 das queixas, así como problemas referidos ao cambio de datas (3 queixas). É de salientar unha situación anómala derivada da imposibilidade de asistencia aos exames por problemas de saúde na que se está a traballar e que implica cambios normativos.

2.- **Ámbito laboral.** Nesta categoría aparecen recollidas unha serie relativamente importante, pola súa frecuencia, de queixas que están relacionadas con diferentes actuacións que afectan á situación laboral do PDI e do PAS. Non obstante non se aprecia ningún nicho salientable que poida ser fonte de problemas. Estas queixas refírense a disfuncionalidades tanto nos procedementos, como nas situacións persoais, a cuestións físicas ou ambientais ou desconformidade con normativa.

3.- **Docencia.** Recóllense nesta categoría queixas que teñen que ver con solapamentos de contidos, coincidencia de horarios, retrasos no desenvolvemento de prácticas ou falla de coordinación. O peso relativo das queixas referidas aos Másteres é importante porque malia a diferenza no número de materias entre os graos e os Másteres, a metade delas refírense a disfuncionalidades nestes últimos.

4.- **3º ciclo, posgrao e formación continua.** Nas queixas agrupadas nesta categoría non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar problemas, dado que en xeral as queixas fan referencia a cuestións puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. En concreto 3 queixas refírense aos programas de doutoramento e outras 3 aos másteres nas que os temas están fundamentalmente relacionados con aspectos de xestión. Cómpre subliñar que o nivel de solución destes problemas unha vez detectados variou moito en función das características da queixa.

5.- **Servizos á comunidade universitaria.** É necesario ter en conta que esta é unha categoría na que se inclúen todos os servizos que presta a USC. Isto implica que a súa incidencia non sexa especialmente preocupante. Como en casos anteriores non existe ningún aspecto concreto onde de xeito xeral se poidan apreciar cuestións problemáticas, trátase de aspectos moi puntuais que foron oportunamente solucionados cando foi posible ou se puxeron en marcha mecanismos para tratar de solucionar o problema, cando a solución era máis complexa.

6.- **Procesos selectivos.** Baixo este epígrafe aparecen reflectidas queixas presentadas por membros do PAS (2 queixas) ou do PDI (3 queixas). Os temas concretos son moi variados e no caso do PAS van dende falla de resposta a un recurso de reposición ata un problema co sistema de reserva de cota de discapacitados na OPE. No caso do PDI dende as actuacións das comisións de selección ata a solicitude de documentación dispoñible xa na USC.

No texto co termo “Recomendación” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 10 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Foron aceptadas 9 das recomendacións integramente e 1 de xeito parcial. Por outra parte, 7 recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor e 3

foron formuladas de oficio. Nos 7 casos con orixe nalgunha queixa xa se rematou o procedemento. A complexidade de facer efectiva a recomendación, que implica importantes modificacións, agravada pola situación sanitaria que padecemos fan que as outras 3 recomendacións de oficio estean aínda en diferentes fases do trámite.

Por último dende a perspectiva institucional, a USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade universitaria. O Valedor asistiu entre o 17 e o 19 de outubro do 2018 ao XXI Encontro Estatal de Defensores Universitarios organizado pola Defensoría da Universidad de León no que se trataron os seguintes temas:

- O medo ante a presentación dunha queixa: posibles consecuencias pola ausencia de confidencialidade.
- A relación institucional das Defensorías cos Servicios de Inspección universitarios, o Defensor del Pueblo e os seus homólogos autonómicos.
- A imaxe pública da Universidade.

En maio de 2019, participouse nunha xornada técnica organizada pola Defensoría da Universidade Politécnica de Madrid que tivo lugar nesta cidade na que se traballou o tema de “Fundamentos y actitudes básicas en la Escucha Activa”.

En setembro de 2018 como membro da Red Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIDDU), o Valedor asistiu ao encontro fundacional da rede celebrado en Córdoba (Arxentina) no que se analizaron as diferentes situacións das Defensorías en distintos países e universidades.



Mantivéronse tamén diversas reunións na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego. Durante este curso conseguíronse institucionalizar e facer efectivos os encontros entre as universidades galegas e as universidades do norte de Portugal (Universidade de Porto, Instituto Politécnico de Porto, Universidade do Minho e Universidade de Tras os Montes e Alto Douro). No mes de xaneiro tivo lugar a primeira xuntanza en Monção e no mes de maio a segunda en Vigo. Nelas tratáronse cuestións transversais ás universidades participantes.

Para rematar, sinalar que dado que certas queixas se presentan simultaneamente ante os Valedores Universitarios e ante o Valedor do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas ás Universidades, mantivéronse diversas reunións coa institución autonómica en función do convenio de colaboración asinado no 2014, nas que dependendo da xeneralidade do tema participaron os tres Valedores ou o Valedor da USC.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	65
Estudantes:	37
P.D.I.:	15
P.A.S.:	7
De oficio:	3
Outros	3



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 17/18	Curso 18/19
Setembro	8	7
Outubro	9	8
Novembro	2	5
Decembro	5	5
Xaneiro	3	4
Febreiro	4	7
Marzo	5	5
Abril	4	7
Maio	5	4
Xuño	7	11
Xullo	3	2
Agosto	0	0
Total curso	55	65

nº de queixas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	65	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	45	⇒ 69%
2 Meses:	9	⇒ 14%
3 Meses:	1	⇒ 2%
> 3 Meses:	10	⇒ 15%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	2
AVALIACIÓN ACADÉMICA	9
DOCENCIA	8
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	4
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	6
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	5
ACCESO Á UNIVERSIDADE	1
ÁMBITO LABORAL	9
INTERCAMBIO	3
USO MATERIAL DOS CENTROS	1
PROTECCIÓN DE DATOS	2
RELACIÓNS INTERPERSOAIS	2
PROCESOS SELECTIVOS PERSOAL	5
VIOLENCIA DE XÉNERO	1
BOLSAS - PREMIOS	3
OUTROS	4

